

VII

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2014-2015)

NECROLÓXICAS:

XOSÉ NEIRA VILAS / Xesús Alonso Montero

XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO / Manuel Rivas Barrós

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANOS 2014 E 2015))

Dende o 20 de abril de 2013, a Comisión Executiva da RAG está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xesús Alonso Montero
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquivista-Bibliotecaria: D.^a Margarita Ledo Andión
- Tesoureira: D.^a Rosario Álvarez Blanco

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois.
Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excma. Sra. D.^a Xohana Torres Fernández.
Ingreso: 27 de outubro de 2001.
14. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
Faleceu o 27 de novembro de 2015.
15. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
17. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes.
Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
18. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
19. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.

20. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
21. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
22. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
23. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
24. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
25. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
26. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández.
Ingreso: 2 de xuño de 2012.
27. Excmo. Sr. D. Xosé Fernández Ferreiro. Ingreso: 9 de marzo de 2013.
Faleceu o 16 de decembro de 2015.
28. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
29. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga.
Ingreso: 22 de novembro de 2013.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova.
Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Giulia Lanciani. Ingreso: 7 de marzo de 2014.
6. Excma. Sra. D.^a Nélica Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
7. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANOS 2014 E 2015)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante os anos 2014 e 2015, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 18 de xaneiro de 2014
- 28 de marzo de 2014
- 5 de xullo de 2014
- 17 de outubro de 2014
- 17 de xaneiro de 2015
- 13 de marzo de 2015
- 4 de xullo de 2015
- 11 de decembro de 2015

Xunta extraordinaria

- 7 de marzo de 2014. Recepción de Giulia Lanciani como académica de honra.
- 17 de maio de 2014. Día das Letras Galegas dedicado a Xosé M.^a Díaz Castro.
- 27 de setembro de 2014. Recepción de Nélida Piñon como académica de honra.
- 7 de febreiro de 2015. Homenaxe a Pondal no 180 aniversario do seu nacemento e no 50 aniversario da celebración do Día das Letras Galegas dedicado á súa figura.
- 17 de maio de 2015. Día das Letras Galegas dedicado a Xosé Filgueira Valverde.
- 20 de abril de 2015. Valoración da sentenza do Tribunal Supremo verbo do recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no Ensino non universitario de Galicia.
- 3 de outubro de 2015. Ingreso de Basilio Losada Castro como académico de honra.

INGRESO DE ACADÉMICOS

DE HONRA:



Excma. Sra. D.ª Giulia Lanciani

Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega. 7 de marzo de 2014.

Título do discurso: *Aventuras e desventuras da transmisión manuscrita da lírica medieval galega.*

Resposta da Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco.

Retrato de Giulia Lanciani. / Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.




Excma. Sra. D.ª Nélida Piñón

Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega. 27 de setembro de 2014.

Título do discurso: *A épica do corazón.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz.

Retrato de Nélida Piñón / Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.



Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro

Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega. 3 de outubro de 2015.

Título do discurso: *Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero.

Retrato de Basilio Losada / Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2014

O Día das Letras Galegas do ano 2014 dedicouse a Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-1990).

O seu nomeamento produciuse na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Real Academia Galega o día 21 de xuño de 2013.

Entre as razóns apuntadas para apoiar a súa proposta tívose en conta a singularidade da súa obra poética, difundida a través de diversas revistas e en antoloxías como a *Escolma de Poesía Galega* de Francisco Fernández del Riego, e máis tarde recollida no libro de poemas *Nimbos* (Galaxia, 1961), obra cumio da poesía galega posterior á Guerra Civil.

Díaz Castro mantivo unha constante fidelidade coa súa terra natal e un forte compromiso coa cultura galega, malia residir na cidade de Madrid, como se reflicte a través da análise da súa relación con poetas como Aquilino Iglesias Alvariño e Díaz-Jácome, e con figuras como F. Fernández del Riego ou Ramón Piñeiro.

Tamén se tivo en conta que neste ano 2014 celebrábase o centenario do seu nacemento.

SESIÓN ACADÉMICA

Os actos conmemorativos transcorreron no concello de Guitiriz. O acto central tivo lugar na Casa Habanera ás 12:00 horas, de acordo co seguinte programa:


Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

- D. Xosé Luís Regueira Fernández
- D. Darío Xohán Cabana Yanes
- D. Xosé Luís Franco Grande

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Xesús Alonso Montero.



Xosé María Díaz Castro / Arquivo
A Nosa Terra






Aspecto da Casa Habanera durante a Sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio de 2014 / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



Grupo de académicos e académicas asistentes á Sesión da Real Academia Galega conmemorativa do Día das Letras Galegas, no interior da Casa Habanera / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

SIMPOSIO DÍAZ CASTRO

Simposio Díaz Castro, organizado pola Real Academia Galega coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. 11 de decembro de 2014. Salón de actos da Real Academia Galega.



PROGRAMA

SESIÓN DE MAÑÁ

- 09:30 h Inauguración
- 10:00 h “Díaz Castro por Díaz Castro: (auto)poética e lecturas críticas”
Armando Requeixo
- 11:00 h “Rosalía e Díaz Castro: Penélope poema”
Carme Blanco
- 11:30 h Descanso
- 12:00 h “As edicións de *Nimbos*”
Luís González Tosar
- 12:30 h “Díaz Castro e a Escola do Seminario de Mondoñedo”
Félix Villares Mouteira
- 13:00 h “Díaz Castro: a paisaxe na poesía galega”
Xesús Manuel Valcárcel

SESIÓN DE TARDE

- 17:00 h “A madurez poética de Díaz Castro: anos 80”
Xosé Manuel Salgado
- 17:30 h “Fortuna crítica da obra de Díaz Castro”
María Xesús Nogueira
- 18:00 h Descanso

18:30 h Mesa redonda:

“Transcendencia e relixiosidade na poesía de Díaz Castro”

Moderador: Andrés Torres Queiruga

Interveñen: Afonso Blanco Torrado

Victorino Pérez Prieto

Engracia Vidal Estévez

19:30 h “Xosé M.^a Díaz Castro: dous poemas con problemas”

Xesús Alonso Montero

20:30 h Clausura

Comité organizador: Armando Requeixo

Margarita Ledo

Henrique Monteagudo



Participantes na mesa redonda. De esquerda a dereita, Engracia Vidal Estévez, Andrés Torres Queiruga, Victorino Pérez Prieto e Afonso Blanco Torrado / Real Academia Galega.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2015

O Día das Letras Galegas do ano 2015 dedicouse a Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996).

A elección de Filgueira Valverde como figura homenaxeada no ano 2015 produciuse na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Real Academia Galega o día 4 de xullo de 2014.

Esta elección fundamentouse no seu perfil de escritor prolífico, dotado dunha grande erudición e firmemente comprometido na defensa e promoción da nosa cultura. A súa inxente produción abrangue unha ampla diversidade de temas, tratados sempre con gran rigor intelectual, entre os que destacan as súas achegas á nosa historia e etnografía, así como o estudo da literatura galega medieval. O legado intelectual de Filgueira Valverde constitúe, pola súa amplitude e calidade, un dos máis importantes da segunda metade do século XX.



Xosé Filgueira Valverde / Colección da familia Filgueira Valverde.

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega do Día das Letras Galegas de 2015 tivo lugar no Museo de Pontevedra ás 12:30 horas, de acordo co seguinte programa:

Intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

D. Víctor Fernández Freixanes

D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira

D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega,

D. Xesús Alonso Montero

Ao remate da sesión, por cortesía da Fundación Barrié, a “Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra”, dirixida por Nanette Sánchez Ordaz, acompañada pola “Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra”, dirixida por Javier Viceiro-Filgueira, interpretou a Cantiga CIII das *Cantigas de Santa María* e o Himno galego.






Salón de actos do Museo de Pontevedra, durante a sesión plenaria da Academia / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



A Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra interpreta a Cantiga CIII como ramo da xornada / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

FILGUEIRA VALVERDE NA CULTURA GALEGA DO SÉCULO XX

Como peche do ano dedicado a Xosé Filgueira Valverde, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Museo de Pontevedra e a Fundación Barrié, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organizaron conxuntamente un ciclo de conferencias, mesas redondas divulgativas e un simposio científico arredor da figura do homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2015.



As xornadas *Filgueira Valverde na cultura galega do século XX* presentáronse publicamente o 3 de novembro no Edificio Sexto do Museo de Pontevedra e desenvolvéronse segundo o seguinte programa:

MUSEO DE PONTEVEDRA. EDIFICIO SEXTO – PONTEVEDRA

Día 10 de novembro de 2015

20:00 h **Filgueira Valverde en Pontevedra**. Mesa redonda
“Vida política”. Rafael López Torre
“Vida educativa”. Xermán Torres de Aboal
“Vida cultural”. Xosé Carlos Valle Pérez
Modera: Fernando Filgueira Iglesias

Día 11 de novembro de 2015

20:00 h **Pontevedra en Filgueira Valverde**. Mesa redonda
“Historia e tradicións”. Xosé Fuentes Alende
“Manifestacións artísticas”. Xosé M. López Vázquez
“Sarmiento”. M.^a Mercedes Álvarez Lires
Modera: Xosé Carlos Valle Pérez

CONSELLO DA CULTURA GALEGA – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Día 24 de novembro de 2015

16:30 h **Filgueira Valverde desde Santiago**. Mesa redonda
“O tema xacobeo en Filgueira”. Xosé Carro Otero
“O Seminario de Estudos Galegos: unha nova ollada sobre Galicia”.
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
“O Instituto Padre Sarmiento: a reconstrución da Identidade”.
Eduardo Pardo de Guevara
“O Consello da Cultura Galega: a cultura como alicerce da
Autonomía Galega”. Ramón Villares Paz

18:30 h Coloquio

19:00 h Epílogo musical

REAL ACADEMIA GALEGA – A CORUÑA

Día 26 de novembro de 2015

10:00 h Inauguración

10:15 h “Filgueira Valverde e o seu tempo: apuntamentos para un retrato”.
Arcadio López-Casanova. Presentación: Henrique Monteagudo,
en representación do Presidente da Academia

11:00 h “Filgueira Valverde, unha voz precursora nos estudos trobadorescos
desde a Galiza”. Leticia Eirín. Presentación: Henrique Monteagudo,
en representación do Presidente da Academia

11:45 h Descanso

12:15 h **Obra de creación.** Mesa redonda

“Cidades literarias na narrativa de Filgueira Valverde”. Ana Acuña

“Cantares antigos e vellas ermidas: a poesía de Xosé Filgueira
Valverde”. Teresa López

“Filgueira Valverde, ensaísta e divulgador”. Ramón Nicolás

Modera: Margarita Ledo

13:45 h Coloquio

17:00 h **Filgueira Valverde e o idioma galego.** Mesa redonda

“Filgueira Valverde, procurador en Cortes”. Xesús Ferro Ruibal

“O galego de Filgueira Valverde”. Francisco Fernández Rei

“Filgueira Valverde e o galego no SEG”. Henrique Monteagudo

Modera: Rosario Álvarez

19:00 h Coloquio

19:30 h Clausura

FUNDACIÓN BARRIÉ – A CORUÑA

Día 27 de novembro de 2015

16:30 h “Filgueira e a música galega de tradición oral”. Xavier Groba

17:15 h **Filgueira Valverde: cultura popular e erudición.** Mesa redonda
“Filgueira Valverde folclorista”. Xosé M. González Reboredo
“Filgueira Valverde, bibliófilo e editor: de Bibliófilos Gallegos a Galicia Histórica”. Daniel Buján, Ignacio Cabano e Anxos Sumai
“Filgueira Valverde na Fundación Barrié”. Xosé Carlos Valle Pérez
Modera: Diego Rodríguez González

18:45 h Coloquio

19:15 h Acto literario musical (auditorio)
Xosé Carlos Valle Pérez, Director do Museo de Pontevedra
Ramón Villares Paz, Presidente do Consello da Cultura Galega
Rosario Álvarez, en representación
do Presidente da Real Academia Galega

20:00 h Interpretación musical. Cuarteto Caramuxo.

Comité organizador: Henrique Monteagudo
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Xosé Carlos Valle Pérez
Diego Rodríguez González



De esquerda a dereita, Xosé Carlos Valle Pérez, José Enrique Fernández, Xosé Leal, Xesús Alonso Montero, Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Fernando Filgueira Iglesias, no Museo de Pontevedra / Real Academia Galega.

XORNADAS CASTELAO. DE ONTE A HOXE

PROGRAMA:

16 de outubro de 2014

Auditorio de Rianxo *Perfil biográfico e político*
20:00 h Xosé L. Barreiro Rivas
Xosé Luís Axeitos Agrelo
Carlos Mella Villar
Modera: Adolfo Muíños Sánchez

21 de outubro de 2014

Museo de Pontevedra *Perfil artístico*
19:00 h Visita guiada ás salas Castelao
20:00 h Miguel Anxo Seixas
Xosé Díaz
Carlos Valle Pérez
Modera: Xesús Alonso Montero

30 de outubro de 2014

Real Academia Galega *Perfil literario*
20:00 h Pilar García Negro
Henrique Monteagudo
Xesús Alonso Montero
Modera: Margarita Ledo Andión



Xornada celebrada no Museo de Pontevedra. Na mesa, de esquerda a dereita, Xosé Díaz, Carlos Valle Pérez, Xesús Alonso Montero e Miguel Anxo Seixas Seoane / Real Academia Galega.

SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA EN HOMENAXE A PONDAL NO 50 ANIVERSARIO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DEDICADO Á SÚA PERSOA E NO 180 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO

O 7 de febreiro tivo lugar en Ponteceso, na sede da Fundación Pondal, unha Sesión Plenaria Extraordinaria e pública da Real Academia Galega, en homenaxe a Eduardo Pondal, con motivo do 50 aniversario do Día das Letras Galegas dedicado á súa figura, e en conmemoración do 180º aniversario do seu nacemento.

Os académicos e académicas e as autoridades foron recibidas no adro da igrexa de Santiso de Cospindo. Un toque de campás convidando á celebración do aniversario do natalicio de Eduardo Pondal deu inicio aos actos conmemorativos. O párroco José Manuel Varela Suárez deu lectura á acta de bautismo do vate e a seguir nenos e nenas da vila deron lectura e interpretaron dous poemas de Pondal.

A continuación, o Grupo Inllar abriu a comitiva cara á sede da Fundación Pondal, coa interpretación solemne do *Himno do Antigo Reino de Galicia*. No seu interior celebrouse o plenario da Real Academia Galega, coas seguintes intervencións:

Ramón Villares Paz
Xosé Luís Franco Grande
Xesús Alonso Montero


O acto foi clausurado coa interpretación do *Himno galego*, interpretado tamén polo Grupo Inllar.



Solta de globos no adro da igrexa de Santiso de Cospindo / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

XORNADAS NA HONRA DE XOSÉ M.^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, RAMÓN PIÑEIRO E XAIME ISLA COUTO NA CONMEMORACIÓN DOS SEUS CENTENARIOS

A Real Academia Galega organizou tres mesas redondas en conmemoración do centenario dos nacementos de Xosé M.^a Álvarez Blázquez, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro. As xornadas celebráronse nos días 15, 23 e 29 de setembro de 2015, e contaron coa colaboración dos concellos de Tui, Vigo e Lugo, sedes de cada unha das mesas redondas.



PROGRAMA:

XOSÉ M.^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

15 de setembro de 2015. Tui – Área Panorámica

“Novas vías para o (re)coñecemento da vida e da obra de Xosé M.^a Álvarez Blázquez”.

Ana Acuña Trabazo

“Ruta do Canle segredo”. Xosé M.^a Álvarez Cáccamo

“Xosé María, mestre de mocidade”. Darío Xohán Cabana Yanes

Modera: Margarita Ledo

XAIME ISLA COUTO

23 de setembro de 2015. Vigo – Casa Galega da Cultura

“Xaime Isla Couto e Galaxia”. Víctor F. Freixanes

“Xaime Isla Couto ou o Proxecto permanente”. Xosé Luís Franco Grande

“Xaime Isla e a economía galega”. Xabier Martínez Cobas

Modera: Rosario Álvarez

RAMÓN PIÑEIRO

29 de setembro de 2015. Lugo – Salón de Plenos do Concello

“Achegas documentais para a biografía de Ramón Piñeiro”.

Xosé Manuel Dasilva


“Ramón Piñeiro e a lingua galega”. Henrique Monteagudo

“Ramón Piñeiro: compromiso integral e integrador”. Andrés Torres Queiruga

Modera: Xesús Alonso Montero

CONMEMORACIÓN DO CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DE VENTO MAREIRO

O 14 de novembro de 2015 a Real Academia Galega, en colaboración co Concello de Cambados, conmemorou o centenario da publicación de *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas, segundo o seguinte programa:



Acto de homenaxe da Real Academia Galega na conmemoración do centenario da publicación de
VENTO MAREIRO de Ramón Cabanillas

APERTURA DO ACTO

- Fátima Abal Roma
- Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cambados
- Xesús Alonso Montero
- Presidente da Real Academia Galega

RELATORIOS

- “Cabanillas e as Irmandades da Fala”. Emilio Insua López
- “Cambados e o vento mareiro”. Francisco Fernández Rei
- “Fontenla Leal, presente nos dous primeiros libros de Cabanillas (*No desterro e Vento mareiro*)”. Xesús Alonso Montero

RECITADOS

- Fina Casalderrey
- Margarita Ledo
- Salvador García-Bodaño

ACTUACIÓN MUSICAL

- Xaquín Xesteira

MANTEDOR DO ACTO

- Henrique Monteagudo
- O acto tivo lugar en Cambados, no Auditorio da Xuventude.

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

2014

7 de xaneiro de 2014. Homenaxe a Francisco Fernández del Riego, no 101 aniversario do seu nacemento. O acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, contou coas intervencións dos académicos Luz Pozo Garza, Salvador García-Bodaño Zunzunegui e Víctor Fernández Freixanes; da vocal da Fundación Penzol, María Dolores Villanueva Gesteira; do profesor e crítico literario Ramón Nicolás e da profesora Ana Acuña Trabazo. Pechou o acto o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

16 de xaneiro de 2014. Presentación pública dun conxunto de textos poéticos autógrafos de Rosalía de Castro considerados inéditos. No acto, celebrado na sede da rúa Tabernas, participaron o Secretario, Henrique Monteagudo; o Presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira; a profesora da Universidade de Barcelona, María Xesús Lama, quen interveu a través de vídeo conferencia; e o Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero.

24 de xaneiro de 2014. Presentación da tradución galega de *Ulises*, de James Joyce, editada por Galaxia. No acto participaron o catedrático de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña e Presidente do Instituto Universitario de Investigación de Estudos Irlandeses Antonio de Toro; o director de edicións de Galaxia, Carlos Lema; os tradutores da obra María Alonso Seisdedos, Eva Almazán, Xavier Queipo e Antón Vialle, e Xesús Alonso Montero, Presidente da RAG.

30 de xaneiro de 2014. Presentación de “*O resplandor primeiro*”. *Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*, número 1 da colección de obras da Sección de Historia da Real Academia Galega. No acto, celebrado na rúa Tabernas, participaron o académico de número, Xosé R. Barreiro Fernández; o Secretario da Academia, Henrique Monteagudo; os profesores Luís Caparrós Esperante e Emilio Xosé Ínsua López; e o Presidente da RAG, Xesús Alonso Montero.

31 de xaneiro de 2014. A *Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías* (Eganet), na X Edición dos seus premios anuais, decidiu outorgarlle ao Portal das Palabras o premio ao mellor proxecto do ano 2013 na categoría de Cooperación Empresarial. O Portal das Palabras foi tamén finalista nesta mesma edición na categoría de Comunicación.

12 de febreiro de 2014. Homenaxe a Xosé Fontenla Leal no sesquicentenario do seu nacemento. Ao acto, conducido por Xesús Alonso Montero, Presidente da Academia, e celebrado na sede da institución, acudiron un grupo de alumnos de bacharelato do IES Eusebio da Guarda e de cuarto da ESO do IES Agra do Orzán.

19 de febreiro de 2014. Celebración do primeiro centenario do nacemento de Xosé María Díaz Castro. O acto, organizado pola Asociación Xermolos, celebrouse en Guitiriz, onde acudiu o Presidente da Real Academia Galega para facer unha alocución.

5 de marzo de 2014. Presentación da obra *Martín Codax. Bañarnos emos nas ondas! As sete cantigas / O Pergamiño Vindel*, coeditada pola Real Academia Galega, o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia en conmemoración do centenario do descubrimento do Pergameo Vindel. No acto, ademais do Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero, interviñeron o académico de honra e autor da introdución preliminar da obra, Giuseppe Tavani; o Secretario da Academia e responsable da edición, Henrique Monteagudo; o conselleiro de Educación e Cultura, Xesús Vázquez e a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo. Tras a presentación, no salón de actos da Real Academia Galega, tivo lugar unha actuación do grupo de Música Antiga Martín Códax cun repertorio de Lírca trobadoresca galega, na veciña igrexa de Santiago.

8 de marzo de 2014. Coincidindo co aniversario do seu nacemento, o 7 de marzo daban comezo as VI Xornadas Martín Sarmiento en Vilafranca do Bierzo, organizadas pola Comisión Cultural do mesmo nome. Dentro do programa destas xornadas e por iniciativa da Real Academia Galega, o 8 de marzo levouse a cabo unha homenaxe ao frade bieito en Vilafranca do Bierzo. Nesta xuntanza participaron por parte da Academia o seu Presidente, Xesús Alonso Montero, o Secretario, Henrique Monteagudo, o académico numerario, Francisco Fernández Rei e o académico correspondente berciano, Héctor Silveiro, organizador dos actos.

25 de marzo de 2014. Doazón do legado de Xosé Ogea á Real Academia Galega. No acto, celebrado na rúa Tabernas, estiveron presentes Annunciata Rey Ruíz e o seu fillo, Fabio Alonso Rey, en representación de Enrique Rey Lorenzo, propietario do fondo doado; o Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero e o membro numerario, Xosé Ramón Barreiro Fernández.

28 de marzo de 2014. Comunicado da Real Academia Galega sobre a escolla pulpo/polbo.

8 de abril de 2014. Doazón de varios documentos de Antón Villar Ponte á Real Academia Galega, efectuada por Esperanza Casal Rodríguez, nora de Antón Villar Ponte, a través de Pepe Carballude.

9 de abril de 2014. Presentación da edición dixital da obra de Emilia Pardo Bazán *Apuntes de un viaxe. De España a Ginebra*, coeditada pola Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega. O acto tivo lugar no Salón Reitoral do Colexio de San Xerome e nel participaron o Presidente da Academia,

Xesús Alonso Montero; o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long; o Director do Servizo de Publicacións, Juan L. Blanco Valdés e o editor literario da obra presentada, o catedrático de Literatura Española e membro correspondente da Academia, José M. González Herrán.

11 e 12 de abril de 2014. Xornadas *Lingua e empresa na Galicia de Hoxe*. A Real Academia Galega e o Foro Enrique Peinador organizaron un encontro entre académicos e emprendedores co fin de analizar a situación do galego no mundo da empresa. Ao encontro, que tivo lugar no Balneario de Mondariz, asistiron arredor dunha trintena de persoas, entre membros numerarios da Academia e empresarios, ademais do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez e do alcalde de Mondariz Balneario, José Antonio Lorenzo Rodríguez. Ao longo destas dúas xornadas interviñeron o Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero; Xosé González, Presidente do Foro Enrique Peinador; o Fiscal Superior de Galicia, Carlos Varela; os membros de número da Academia, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Víctor F. Freixanes, Manuel González, Fina Casalderrey e Salvador García Bodaño; Fernando Alcalde, presidente de *Aclumaga*, Asociación Clúster Naval Galego; Xosé Carballido, coordinador de *Irgade*, Irmandade Galega de Adegueros e o director xeral de *Progando*, Xosé Turnes.

28 de abril de 2014. Presentación da obra *A idea na palabra. Textos e documentos recuperados*. Manuel LUGRÍS FREIRE, de Manuel Pérez Lorenzo, que recolle poemas, pezas xornalísticas, manuscritos, fotografías e material inédito de quen foi o cuarto presidente da Real Academia Galega. No acto, que tivo lugar na sede da Real Academia Galega, estiveron presentes o Presidente desta corporación, Xesús Alonso Montero; o historiador e editor da obra, Manuel Pérez Lorenzo; o Presidente da Asociación Irmáns Suárez Picallo, Francisco Pita; a Concelleira de Cultura e Deportes do Concello de Sada, Soraya Salorio Salorio e o neto de Manuel LUGRÍS FREIRE, Manuel LUGRÍS RODRÍGUEZ.

14 de maio de 2014. Presentación da fotobiografía de Xosé María Díaz Castro *Nimbos de luz*, no salón de actos da Real Academia Galega coa participación de, entre outros, o Presidente desta institución, Xesús Alonso Montero; o Concelleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad; o Reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto; o Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez; o Director da editorial Galaxia e membro de número da Academia, Víctor F. Freixanes; os editores da obra presentada, Alfonso Blanco Torrado, Luís González Tosar e Armando Requeixo; o autor do documental *O instante eterno* incluído nela, Xosé Antón Cascudo, e varios membros numerarios da Academia.

15 de maio de 2014. Presentación, na sede da Real Academia Galega, da obra *Xosé María Díaz Castro, para alumear o mundo*, edición de Luís González Tosar publicada por La Voz de Galicia.

16 de maio de 2014. Presentación de www.dominio.gal, a primeira páxina web baixo o dominio da Internet para a sociedade galega. A presentación tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia.

20 de maio de 2014. Visita á Real Academia Galega do alumnado do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, onde foron recibidos por Henrique Monteagudo, Secretario da Academia.

21 de maio de 2014. Presentación da tradución rusa de *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro. O acto tivo lugar no Centro de Estudos Galegos (CEG) da Universidade de San Petersburgo, e contou coa presenza do Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

23 de maio de 2014. Visita á Real Academia Galega dun grupo de estudantes do curso “Lingua e identidade en España”, da Universidade de Furman (Carolina do Sur), acompañados polos profesores Stephanie Knouse e Mark Amengual. O encargado de recibilos foi Henrique Monteagudo, Secretario da Academia.

27 de maio de 2014. Presentación de Cadernos Ramón Piñeiro XXIX: *Nimbos: cáliz fervendo!*, monográfico dedicado ao estudo da obra de Xosé María Díaz Castro. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega, e contou coa intervención do académico Xosé Ramón Barreiro Fernández, quen exerceu como mantedor do acto; do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez; do editor literario da obra, Luís Cochón, e das profesoras Marica Campo e Pilar García Negro.

30 de maio de 2014. Homenaxe a Castelao no Centro Galego de Buenos Aires con motivo do 70 aniversario da publicación de *Sempre en Galiza*. No acto interveu o Secretario da Real Academia Galega.

30 de xuño de 2014. Visita á Real Academia Galega do escritor chileno Gonzalo Contreras Loyola, onde foi recibido polo académico de número Xosé Ramón Barreiro Fernández.

3 de xullo de 2014. Inauguración da XXVII edición dos Cursos de Lingua e Cultura Galegas para persoas de fóra de Galicia. O acto tivo lugar na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Participaron nel o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez; o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Viaño Rey; o Director do Instituto da Lingua Galega,

Ernesto González Seoane; o membro de número da Academia e director dos Cursos, Xosé Luís Regueira, así como a maior parte do alumnado.

10 de xullo de 2014. Presentación do número 9 de *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, no salón de actos da Real Academia Galega. No acto estiveron presentes o Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero; o membro de número desta institución e director da publicación, Xosé Ramón Barreiro Fernández, así como a profesora da Universidade da Coruña e subdirectora de *La Tribuna*, Patricia Carballal.

24 de xullo de 2014. Clausura da XXVII edición dos Cursos de Lingua e Cultura Galegas para persoas de fóra de Galicia. O acto tivo lugar na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela e contou coa presenza, entre outros, do Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero; do Secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; do membro de número da Academia e director dos Cursos, Xosé Luís Regueira; do Vicerreitor de Internacionalización da USC, Carlos Alberto Salgado e do Secretario do Instituto da Lingua Galega, Xulio Sousa, ademais de numerosos membros numerarios da Academia.

25 de xullo de 2014. Novo enderezo virtual da Real Academia Galega: academia.gal.

12 de setembro de 2014. Visita á Real Academia Galega do alumnado do Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol, onde foron recibidos por Henrique Monteagudo, Secretario da Academia.

16 de setembro de 2014. Presentación da segunda fase do PuntoGal, celebrada no salón de actos da Real Academia Galega.

22 de outubro de 2014. O Concello de Bergondo e a Real Academia Galega homenaxearon a Xohán Vicente Viqueira no noventa aniversario do seu pasamento no cemiterio de Ouces (Bergondo) coa descuberta dun monólito, obra do escultor Francisco Escudero. No acto interviñeron a Alcaldesa de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez; o Presidente da Academia, Xesús Alonso Montero e Alicia López Pardo, mestra da escola de Vixoi e amiga da familia de Xohán Vicente Viqueira. A lectura de textos do autor homenaxeado por nenos de primaria do CPI Cruz do Sar e a interpretación do himno galego por membros da Asociación folclórica cultural San Xoán de Ouces puxeron o ramo a esta homenaxe.

23 de outubro de 2014. Visita institucional á Real Academia Galega de José Luís Moure, Presidente da Academia Argentina de Letras, onde foi recibido polo Presidente da Institución e os membros da Comisión Executiva, Henrique Monteagudo e Rosario Álvarez.

1 de decembro de 2014. Homenaxe a Primitivo R. Sanjurjo, celebrada no cemiterio de San Francisco (Ourense). A homenaxe consistiu na descuberta dunha placa situada á beira da súa tumba. No acto estiveron presentes o Presidente e o Secretario da Academia, Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo; a escritora Julia Sáez en nome de Josefina Rodríguez, filla de Primitivo R. Sanjurjo, e o estudoso Afonso Monxardín.

1 de decembro de 2014. Homenaxe a Eduardo Blanco Amor, organizada polo Pen Clube no Liceo Ourensán. Xesús Alonso Montero deu lectura a unha conferencia titulada: “Tres incursións na vida e na obra de Blanco Amor: Manuel Azaña, García Lorca e a sociolingüística”.

15 de decembro de 2014. Conferencia de Siro López: “Influencias estranxeiras na obra de Castelao”, celebrada no salón de actos da Real Academia Galega.

16 de decembro de 2014. Presentación da tradución ao éuscaro de *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro. No acto, celebrado na Casa de Galicia de Donostia, estivo presente o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

2015

21 de xaneiro de 2015. Visita institucional da Comisión Executiva da Real Academia Galega á Deputación de Lugo.

30 de xaneiro de 2015. Presentación do número 373 do *Boletín da Real Academia Galega*, dedicado a Valentín Paz-Andrade. O acto, que tivo lugar na Casa Galega da Cultura, en Vigo, contou coa participación de Gregorio Ferreiro, Emilia García López, Xosé Luís Franco Grande e Xesús Alonso Montero.

19 de febreiro de 2015. Sinatura do Memorandum de entendemento entre a Xunta de Galicia e o Camões-Instituto da Cooperación e da Língua, para a adopción do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular no sistema educativo non universitario de Galicia. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, participaron Ramón Villares Paz, Presidente do Consello da Cultura Galega; Román Rodríguez, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Francisco Ribeiro de Menezes, Embaixador da República de Portugal en España; Henrique Monteagudo, Secretario da Real Academia Galega; Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia e Anibal Cavaco Silva, Presidente da República de Portugal.

14 de marzo de 2015. Presentación da obra *Epistolario*, de Manuel Antonio, editada dentro da colección “Clásicos da Academia”. O acto celebrouse no salón de Plenos do Concello de Rianxo e contou coas intervencións do Alcalde de

Rianxo, Adolfo Muíños; do Secretario da Academia, Henrique Monteagudo; do Director da Fundación Barrié, Javier López Martínez e do membro de número da Academia e editor literario da obra, Xosé Luís Axeitos.

25 de marzo de 2015. Presentación do número XXX dos Cadernos Ramón Piñeiro, *Antonio Blanco Freijeiro, Isidoro Millán González-Pardo. Cartas habidas (1953-1990)*, no salón de actos da Real Academia Galega. Na presentación participaron Xosé Carlos Valle Pérez, Director do Museo de Pontevedra; Luís Cochón Touriño, editor do volume; Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística e Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega.

6, 7 e 8 de abril de 2015. XI congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), celebrado en Buenos Aires baixo o título “Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio”. Este congreso estivo presidido pola profesora, membro correspondente da Academia e presidenta da AIEG, Débora Campos. Ademais, contou coa colaboración da Real Academia Galega, e coa participación de tres dos seus membros: Víctor F. Freixanes, Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo, quen, como Secretario da Academia, pronunciou a conferencia plenaria de clausura “Sempre en Bos Aires”.

20 de abril de 2015. Visita á Real Academia Galega dun grupo de alumnos da Universidade de Zürich, acompañados de Johannes Kabatek, profesor e membro correspondente desta institución.

2 de maio de 2015. Primeira xornada do encontro “Cultura que une”, celebrada en Amarante, na biblioteca municipal Albano Sardoeira. O Secretario e o Presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo e Xesús Alonso Montero, participaron nunha mesa redonda baixo o título “A intelectualidade da Galiza e do Norte de Portugal”, onde analizaron nas súas intervencións a relación entre Xosé Filgueira Valverde e Xohán Vicente Viqueira coa cultura portuguesa.

15 de maio de 2015. Presentación, no salón de actos da Academia, do libro publicado por La Voz de Galicia *Xosé Filgueira Valverde. O noso Adral. Antoloxía de artigos publicados en La Voz de Galicia*, edición de Xesús Ferro Ruibal.

31 de maio de 2015. Homenaxe a Ramón Piñeiro no centenario do seu nacemento. O Concello de Santiago e a Consellería de Cultura e Educación descubriron unha placa na casa onde residiu durante décadas. No acto participaron o Alcalde de Santiago de Compostela, Agustín Hernández; o Conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez; o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García; o Vicepresidente do Consello da Cultura Galega e académico de número, Francisco Díaz-Fierros; o Director da Fundación Penzol, Francisco Rodríguez; o Director xeral da Editorial Galaxia e académico de número, Víctor

Fernández Freixanes; Aníbal Piñeiro, irmán de Ramón Piñeiro e o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

10 de xuño de 2015. Mesa redonda do encontro “Cultura que une” celebrada no salón de actos da Real Academia Galega. Baixo o título “As relacións intelectuais entre Galiza e o norte de Portugal”, e presidida por Xesús Alonso Montero, a mesa congregou a Norberto Cunha, Paulo Vieira de Castro, Paulo Samuel e a Gaspar Martins Pereira.

29 de xuño de 2015. Visita institucional á Real Academia Galega do Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, acompañado do Concelleiro da Concellaría de Cultura, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande.

2 de xullo de 2015. Inauguración da XXVIII edición dos Cursos de lingua e culturas galegas “Galego sen fronteiras”, na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Participaron Ana I. Boullón, secretaria dos Cursos; Ernesto González Seoane, Director do Instituto da Lingua Galega; Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística; José Pereira Fariña, Vice-reitor de Comunicación e Coordinación da Universidade de Santiago de Compostela; Henrique Monteagudo, Secretario da Real Academia Galega e director dos cursos, e o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. Asistiron ademais os académicos de número Rosario Álvarez, Manuel González, Ramón Lorenzo, Xosé Luís Regueira, así como a maior parte do alumnado.

3 de xullo de 2015. Visita dos alumnos e alumnas dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” á sede da Real Academia Galega, onde asistiron a unha conferencia do Presidente sobre a historia da institución.

4 de xullo de 2015. Plenario extraordinario da Real Academia Galega no que se elixiu a Manuel María Fernández Teixeira como personalidade literaria a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2016.

24 de xullo de 2015. Clausura da XXVIII edición dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”, na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. No acto participaron Ana I. Boullón, secretaria académica dos cursos; Ernesto González Seoane, Director do Instituto da Lingua Galega; Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística; José Luis Moure, Presidente da Academia Argentina de Letras, Henrique Monteagudo, Secretario da Real Academia Galega e director dos cursos, e o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

12 de setembro de 2015. Visita institucional da Ministra de Fomento á Real Academia Galega. O Presidente Xesús Alonso Montero e a Ministra Ana Pastor,

asinaron o Protocolo xeral de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Real Academia Galega para a rehabilitación da súa sede na Coruña.

25 de setembro de 2015. Visita á Real Academia Galega do alumnado do Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol, acompañado da profesora Alejandra Maccarone, onde foron recibidos pola Tesoureira, Rosario Álvarez, e o Presidente, Xesús Alonso Montero.

26 de outubro de 2015. Visita institucional do Presidente e do Secretario da Real Academia Galega ao Presidente da Deputación da Coruña.

3 de novembro de 2015. Presentación oficial no Museo de Pontevedra do ciclo de conferencias, mesas redondas divulgativas e o simposio científico *Filgueira Valverde na cultura galega do século XX*. Na presentación participaron o Deputado Provincial de Cultura Xosé Leal; o Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o Vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Francisco Díaz-Fierros; o Director de Patrimonio e Cultura da Fundación Barrié, José Enrique Fernández Varela; o Presidente da Fundación Filgueira Valverde e fillo do homenaxeado, Fernando Filgueira Iglesias; o Director do Museo de Pontevedra, Xosé Carlos Valle Pérez e o Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

7 de novembro de 2015. Homenaxe a Ramón Piñeiro en Láncara. A Real Academia Galega celebrou unha mesa redonda, moderada polo seu Secretario, Henrique Monteagudo, e na que participaron os académicos Rosario Álvarez Blanco, Víctor Fernández Freixanes, Basilio Losada e o Presidente da institución, Xesús Alonso Montero. Na mesma xornada de homenaxe, a Asociación Cultural Val de Láncara entregou o Premio Ramón Piñeiro “Facer País” a Basilio Losada.

7 de decembro de 2015. Visita institucional á Deputación de Pontevedra. O Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o Secretario, Henrique Monteagudo, e a Tesoureira, Rosario Álvarez, reuníronse coa Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Chamamento público da Real Academia Galega a avaliar a situación do galego no ensino.

A ACADEMIA URXE A XUNTA DE GALICIA A AVALIAR A SITUACIÓN DO GALEGO NO ENSINO

Segundo o artigo 1 dos seus estatutos, “a Real Academia Galega é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego”.

Apelando a esta finalidade de defensa e promoción do galego, e ante os diversos sinais que apuntan a un progresivo deterioro da situación do idioma propio do país no sistema educativo, a Comisión Executiva da Real Academia Galega, na súa xuntanza de 18 de xuño de 2014, acorda dirixirse en nome da institución á opinión pública para chamar a atención do conxunto da sociedade e, especialmente, apelar á responsabilidade do goberno galego en relación con este importantísimo problema, en que se xoga en boa medida o futuro do galego. En concreto, a Real Academia Galega urxe o goberno galego para que, cumprindo as previsións legais, en primeiro lugar, proceda a avaliar a evolución da situación do galego no ensino e os efectos desta nas competencias do estudantado nos niveis non universitarios (dun xeito especial, na educación infantil e primaria); e en segundo lugar, tome as medidas oportunas para asegurar que se cumpren os obxectivos marcados na Lei de Normalización Lingüística no referente ao sistema educativo como axencia de normalización da lingua galega, non de desgaleguización.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia actualmente en vigor, na súa disposición adicional quinta, “Avaliación dos resultados”, estipula o seguinte:

Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

Esta previsión é solidaria coa recollida no apartado 5 do artigo 14 do mesmo Decreto, que se expresa nos seguintes termos:

a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Catro anos e outros tantos cursos académicos despois da entrada en vigor do dito decreto, a Xunta de Galicia continúa sen realizar as devanditas avaliacións, sen facer públicos os seus resultados e sen tomar medidas que puidesen rectificar unha deriva en aparencia claramente desfavorable ao galego no sistema educativo, e por tanto, nas competencias e uso da lingua por parte do estudantado. A Real Academia Galega considera que o goberno galego non debe demorar por máis tempo o cumprimento das ditas previsións legais e en consecuencia úrxeo para que realice de xeito inmediato a devandita avaliación, comunique os seus resultados á opinión pública e, no seu caso, poña en marcha as medidas tendentes a asegurar que o sistema educativo xogue o papel que ten legalmente atribuído na recuperación e normalización do idioma galego.

A Coruña, 18 de xuño de 2014

Instancia da Real Academia Galega ao Congreso dos Deputados para a inclusión expresa da toponimia tradicional na definición de concepto de patrimonio cultural inmaterial presente no Proxecto de Lei para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

A ACADEMIA SOLICITA A INCLUSIÓN EXPRESA DA TOPONIMIA TRADICIONAL NA DEFINICIÓN DO CONCEPTO DE “PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL”

A toponimia, ou conxunto das denominacións propias dos lugares, representa unha parte ben importante do patrimonio inmaterial dos pobos, recoñecida como tal por parte dos organismos culturais internacionais.

Así, o Grupo de Expertos de Nacións Unidas para os Nomes Xeográficos (*United Nations Group of Experts on Geographical Names*) na súa conferencia 28 (abril-maio de 2014) estableceu os criterios de valoración dos nomes xeográficos en tanto que elementos do patrimonio cultural inmaterial.

Este Grupo declarou que os topónimos son parte integral do patrimonio cultural intanxible (*ICH, Intangible Cultural Heritage*), xa que “constitúen compoñentes esenciais das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución” e porque “son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais”.

Este precioso rexistro dos xeitos de asentamento e de relación das comunidades humanas cos respectivos territorios ao longo de séculos e milenios é especialmente rico en Galicia, debido á elevada densidade e á extrema dispersión da poboación, así como á íntima vinculación que esta ten establecido co territorio desde tempos inmemoriais. A copiosísima toponimia galega garda o arquivo dos distintos pobos que se teñen asentado na nosa terra desde a prehistoria, e deste xeito preserva unha información de valor incalculable para o coñecemento do noso pasado. Non obstante, como consecuencia das transformacións aceleradas que sofre o medio físico e os cambios na organización, habitación e mesmo da vivencia do espazo nas sociedades actuais, na actualidade este tesouro corre un grave perigo de deterioración ou perda irreparables. Por iso a protección da toponimia é asunto especialmente sensible para Galicia.

Nestes días, o Congreso dos Deputados está a preparar o Proxecto de Lei para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial. Neste proxecto (Título I, art. 2) recóllense case literalmente como manifestacións deste patrimonio os ámbitos que establece a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco (outubro, 2003; art. 2.2); pero, lamentablemente, non se inclúen os nomes tradicionais de lugar. A Real Academia Galega considera que cómpre

unha mención explícita na devandita lei dos nomes xeográficos, sen prexuízo de que no desenvolvemento posterior desta se establezan figuras concretas de protección para a toponimia e, por tanto solicita a inclusión expresa da toponimia tradicional na definición do “Concepto de patrimonio cultural inmaterial”.

Neste sentido, a RAG dirixiuse formalmente ao Congreso dos Deputados a través dos grupos parlamentarios para que tomen en consideración a súa proposta, e tamén a distintas institucións galegas, nomeadamente a Xunta e o Parlamento de Galicia, para que fagan as xestións que estiveren na súa man para apoiar a dita solicitude.

A Coruña, 15 de novembro de 2014

Declaración institucional sobre os datos da enquisa do Instituto Galego de Estatística que describen un preocupante retroceso do uso do galego, presentada á opinión pública o 30 de xaneiro de 2015.

O GALEGO DÁ VIDA, POLA VIDA DO GALEGO

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA REAL ACADEMIA GALEGA

Grazas aos esforzos de innúmeras persoas e colectivos e contra os desatinos da historia, o galego conseguiu manterse e soerguerse, superando séculos de marxianación e décadas de persecución. Nunca agradeceremos dabondo a xenerosidade, a afouteza e a visión de futuro de moitos galegos e galegas que foron quen de rescatar o noso idioma da prostración e de facelo pular nos distintos ámbitos, da creación literaria aos medios de comunicación, o ensino ou os diversos ámbitos profesionais. Eses esforzos son a mellor mostra da adhesión do pobo galego cara ao idioma de seu. Estamos certos de que a inmensa maioría das xentes do país –independentemente da súa ideoloxía ou mesmo do idioma que falan– valoran a lingua, téñenlle lei e desexan que siga vivindo. Nesa certeza descansa a nosa confianza no seu futuro.

Con todo, os datos estatísticos recentemente publicados veñen apuntar un preocupante retroceso do seu uso nos últimos anos, especialmente entre as novas xeracións, agravando unha tendencia histórica que pode conducilo á decadencia. En cumprimento dos seus deberes estatutarios, a Real Academia Galega, ante a alarma que estes datos provocaron en amplos sectores da nosa sociedade, decidiu facer pública a seguinte declaración institucional:

1.- O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en 2004 un *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* que viña concretar as previsións da *Lei de Normalización Lingüística*. É responsabilidade do goberno galego asumilo, poñendo en marcha as medidas previstas nel dun xeito programado, verificable e suxeito a avaliación. Non se pode demorar por máis tempo o momento de emprender iniciativas concretas con prazos precisos. Instamos a que o mesmo consenso político que posibilitou a aprobación da *Lei* e do *Plan* citados impulse agora a súa plena e eficaz implementación.

2.- O sistema educativo é unha peza clave para garantir o porvir do galego. A evolución dos últimos anos evidencia que os cambios legais non só tiveron resultados insatisfactorios, senón que supuxeron un retroceso evidente. No seu día, a RAG recorreu legalmente o decreto chamado de plurilingüismo aprobado en 2010. Hoxe, con máis razón, reclamamos a súa derogación e o establecemento dun marco legal que permita unha presenza suficiente do galego no ensino, de

acordo cos compromisos contraídos polo Estado Español na Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias.

3.- A infancia e a mocidade constitúen sectores prioritarios. É imprescindible darlles facilidades aos cativos e aos mozos para o uso do galego alén das relacións familiares e das aulas. Demandamos que se promova unha maior oferta televisiva, de produtos audiovisuais e de recursos, actividades e espazos de lecer en idioma galego específicos para a xente máis nova.

4.- A Universidade é o ámbito principal de formación de profesionais e da investigación do país. As universidades galegas están obrigadas a facer un esforzo a prol do galego na docencia e a fomentar as liñas de investigación en diversas áreas que contribúan ao seu pleno desenvolvemento como idioma útil e capaz de afrontar os desafíos do século XXI.

5.- A presenza do galego nos medios de comunicación escritos, audiovisuais e en liña non é proporcionada á que o idioma ten na sociedade galega. Urximos os medios, públicos e privados, a que contribúan positivamente á súa difusión, ao tempo que reflicten verazmente a realidade lingüística de Galicia.

6.- O desempeño do galego no ámbito empresarial, sindical, comercial, profesional e publicitario está moi por debaixo da súa utilización na vida real da maioría da poboación. Animamos as empresas, sindicatos, colexios e colectivos profesionais a que se adapten debidamente ao uso lingüístico de clientes, usuarios e públicos a quen dirixen os seus servizos. Exhortamos tamén a Igrexa, que goza dunha importante implantación social, pero que non responde ás propias proclamas oficiais de se comprometer a un maior uso do galego na liturxia, na predicación e na catequese.

7.- As institucións públicas deben garantir que os cidadáns e cidadás poidan ser atendidos en galego, e para isto é imprescindible recuperar un nivel proporcionado de esixencia de coñecemento e de emprego profesional del. Cómpre que o galego sexa debidamente requirido e valorado nas probas de acceso e promoción na función pública.

8.- A mellor garantía para a pervivencia e vitalidade do idioma é a transmisión das xeracións maiores ás máis novas e o compromiso individual de cada un dos falantes no seu uso. Convidamos os avós e as avoas, os pais e as nais a que empreguen a lingua propia do país nas súas relacións cos seus fillos e fillas, netos e netas, e animamos as persoas que recibiron o idioma en herdo a que se sintan orgullosas del e non renuncien a utilizalo na súa vida diaria. Asístenos o dereito a vivir en galego e esiximos que ese dereito sexa amparado e respectado.

9.- As institucións culturais teñen unha responsabilidade específica tanto no prestixiamento do galego coma na creación e a divulgación de instrumentos que faciliten o seu uso e melloren a súa calidade. A Real Academia Galega

comprométese a cumprir as súas funcións coa maior dilixencia e ofrece a súa colaboración ao goberno galego e calquera outra instancia que llo solicite. En ningún caso a RAG vai declinar da súa obriga máis importante, que é a “defensa, ilustración e promoción da lingua galega” (art. 1º dos seus *Estatutos*).

10.- A sociedade galega leva investido unha gran cantidade de recursos, enerxías e ilusións na tarefa de normalizar o idioma propio. Ese esforzo non pode derramarse. A responsabilidade de seguir abríndolle o camiño é de todos e todas nós, pero son as institucións públicas e nomeadamente o goberno galego, as que contan cos recursos máis poderosos e os instrumentos máis eficaces para conseguilo, ademais de estaren legal e moralmente obrigadas a facelo. Urxe unha reflexión seria, cómpre un novo impulso para evitar o desafiuzamento do galego da súa propia casa, Galicia. Un marco normativo máis axeitado, pero sobre todo, un discurso renovado, positivo e proactivo. Correspóndelle á Xunta de Galicia tomar a iniciativa e liderar o esforzo social para seguirmos avanzando.

Unha lingua é un universo de seu, pertence ao mellor saber da humanidade. É unha ponte entre xeracións, un precioso elo coa historia e unha ferramenta valiosísima para o futuro, un medio de comunicación e tamén un recurso con valor emocional e económico. É un ben público, o máis semellante ao ar que respiramos. Temos un tesouro para compartir, sería imperdoable desbaldilo. Ter un idioma propio, orixinal, único, impón a obriga moral e práctica de conservar ese herdo para nós e para toda a humanidade. O galego non é un problema, é unha riqueza que non podemos estragar. Longa vida á lingua galega!

A Coruña, 30 de xaneiro de 2015

Declaración da Real Academia Galega sobre a sentenza do Tribunal Supremo verbo do recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no Ensino non universitario de Galicia.

DECLARACIÓN DA ACADEMIA SOBRE A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO

Con data de 26 de marzo de 2015, a Real Academia Galega recibiu comunicación da sentenza do Tribunal Supremo sobre o recurso de casación interposto por esta institución contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia verbo do Decreto 79/2010, do 20 de maio, da Xunta de Galicia, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Perante a dita sentenza do Tribunal Supremo, que é en boa parte desestimatoria do recurso de casación interposto pola RAG, esta institución desexa facer chegar á opinión pública as seguintes consideracións:

1.- O Estatutos da Real Academia Galega, aprobados por Real Decreto 271/2000 de 25 de febreiro, establecen no artigo 1º que “é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego”. No artigo 2º, entre as finalidades desta institución, os ditos estatutos sinalan as seguintes: “Velar polos dereitos do idioma galego”, “Defender e promover o idioma galego”, “Ase-sorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social”. Á vista disto, no seu día a Academia considerou a súa obriga recorrer o devandito Decreto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, posteriormente interpor recurso de casación perante o Tribunal Supremo, por entender que na tramitación dese decreto a RAG non fora debidamente consultada e, moi especialmente, que as disposicións básicas deste Decreto resultaban contraditorias co Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística, a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias e o conxunto da lexislación que ampara os dereitos das persoas galego-falantes e obriga á Xunta de Galicia á potenciación do idioma propio de Galicia.

2.- A Real Academia Galega respecta e acata a sentenza do Tribunal Supremo; ao mesmo tempo, sen entrar nunha análise da argumentación xurídica desta (que fará no seu momento) non pode deixar de sinalar que nela se conteñen opinións discutibles e consideracións de feito infundadas, a contraño de diversos estudos académicos, ditames institucionais e informes expertos de carácter oficial. En todo caso, con independencia das consideracións xurídicas, a RAG reafirmase nas súas conviccións de que a normalización do noso idioma é un obxectivo irrenunciábel da sociedade galega e de que a Xunta de Galicia está

moral e legalmente obrigada a tomar medidas positivas para conseguila. Na liña de anteriores declaracións, e particularmente da aprobada no pasado mes de xaneiro, a Real Academia Galega insta novamente á Xunta de Galicia e ofrece a súa leal colaboración para poñer en marcha iniciativas de alcance real cara a ese obxectivo.

A Coruña, 27 de marzo, 2015

A Real Academia Galega presenta un recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional contra a recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o previo recurso de casación relativo á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia verbo do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

RECURSO DE AMPARO ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

En cumprimento do previsto nos seus propios estatutos canto ás súas finalidades principais, a RAG vese na obriga a recorrer ao Tribunal Constitucional na defensa dos dereitos das persoas galegofalantes, que considera vulnerados polo devandito decreto, dando así continuidade ao procedemento xurídico iniciado coa demanda presentada no seu día perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O recurso de amparo presentado pola RAG está fundamentado nos seguintes argumentos:

1. A Constitución e o Convenio Europeo de Dereitos Humanos consagran o dereito fundamental á igualdade e a non sufrir discriminación por calquera circunstancia persoal.

2. O dereito á igualdade consagrado na Constitución refírese a unha igualdade material, o que obriga aos poderes públicos a promoverla removendo os obstáculos que se interpoñan para acadala. Isto débese materializar en accións positivas de promoción das persoas ou colectivos historicamente marxinaados.

3. En materia de lingua, estas medidas de acción positiva acóllense baixo a denominación de “normalización lingüística”.

4. O mandato a prol da normalización lingüística está legalmente fundamentado en:

- a. O artigo 3.3 da *Constitución Española*, que sinala que “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.
- b. O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, que no seu artigo 5.3 establece un claro mandato aos poderes públicos, que “garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.
- c. A *Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias* subscrita polo Reino de España no máximo nivel de compromiso, e que segundo os sucesivos informes do Comité de expertos nunca foi enteiramente cumprida. Os compromisos formalmente adquiridos polo Estado español en materia de

ensino están recollidos no artigo 8 desta e obrigan a ofrecer unha educación preescolar, primaria, secundaria, técnica e profesional garantida en lingua galega.

- d. A *Lei de Normalización Lingüística*, que insiste no dito mandato normalizador da lingua galega e o concreta en diversos ámbitos, nomeadamente o ensino (Título III).
- e. A propia xurisprudencia do Tribunal Constitucional ten establecido que ambas as linguas oficiais (galego e castelán) deben ter unha presenza no ensino suficiente para garantir a consecución do obxectivo de igualdade.

5. O Decreto 79/2010 da Xunta de Galicia, que di desenvolver a LNLG, en realidade está en aberta contradición con esta, obviando o concepto de normalización e anunciando no preámbulo un cambio do marco legal, pese a que se trata unicamente dunha norma para o desenvolver.

6. O máis grave é que o dito decreto perpetúa a situación de inferioridade da lingua galega, afondando nos prexuízos contra a mesma, ao excluír taxativamente o seu uso nas materias de contido científico.

A Real Academia Galega entende que as devanditas consideracións fundamentan o recurso ante o Tribunal Constitucional, xa que poñen de manifesto a vulneración do dereito fundamental á igualdade non amparado na sentenza recorrida.

A Coruña, 28 de abril, 2015

Comunicado da Real Academia Galega en relación á inadmisión do recurso de amparo presentando ante o Tribunal Constitucional en relación á sentenza do Tribunal Supremo sobre o recurso de casación relativo á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia verbo do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

COMUNICADO DA RAG EN RELACIÓN COA INADMISIÓN DO RECURSO DE AMPARO PRESENTADO ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

A Real Academia Galega acaba de recibir a notificación de que o Tribunal Constitucional inadmite o recurso de amparo promovido por esta institución contra a sentenza do Tribunal Supremo sobre o recurso de casación relativo á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia verbo do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario. Como non podía ser doutro xeito, a Academia respecta e acata a dita sentenza, pero ao tempo considérase obrigada a dar a coñecer diante da opinión pública as seguintes consideracións:

1. Desde a aprobación do devandito decreto, en consonancia co previsto nos seus propios estatutos no tocante ao seu deber de defensa da lingua galega, a RAG asumiu a posición de principio de esgotar todas as vías xudiciais contra unha norma que vulnera a legalidade e que considera lesiva dos dereitos das persoas galegofalantes.

2. A Academia lembra que o Reino de España subscribiu e ratificou a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, e ao facelo comprometeuse formalmente a ofrecer unha educación preescolar, primaria, secundaria, técnica e profesional garantida en lingua galega. O decreto en causa atópase en flagrante contradición co dito compromiso, como reiteradamente teñen posto de manifesto os sucesivos informes oficiais do Consello de Europa.

3. A Academia insta a Xunta de Galicia a que dea os pasos necesarios para restaurar o imprescindible consenso político que posibilitou a aprobación por unanimidade da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (vulnerados en espírito e na letra polo Decreto 79/2010), para aprobar un novo marco normativo plenamente acorde coa legalidade e favorable á lingua galega e das persoas que a falan.

4. Por tanto, a Academia estudará as posibilidades de recorrer perante instancias xudiciais europeas o Decreto 79/2010 por vulnerar o dereito ao ensino en lingua galega, excluír o seu uso en materias de contido científico e fomentar os prexuízos contra a ela.

A Coruña, 24 de setembro de 2015

INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO POLO REINO DE ESPAÑA DOS COMPROMISOS VERBO DA LINGUA GALEGA CONTRAÍDOS NA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

Dada a enorme cantidade de información que a Comisión de Expertos recibe, o informe da Real Academia Galega vai cinxirse dun xeito moi concreto e sintético ás áreas problemáticas que nos parecen máis importantes, seguindo as disposicións da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, contempladas á luz dos compromisos expresamente asumidos polo Reino de España no instrumento de ratificación da Carta datado o 2 de febreiro de 2001, publicado no *Boletín Oficial do Estado*, nº 222, de 15 de setembro de 2001.

Artigo 7. Obxectivos e principios

1. En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que estas linguas son utilizadas e segundo a situación de cada lingua, as partes fundamentan a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:

[...]

b) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, procedendo de xeito que as divisións administrativas novas ou existentes non constitúan un obstáculo á promoción da lingua rexional ou minoritaria [...]

e) mantemento e desenvolvemento de relacións nos dominios cubertos pola presente Carta, entre os grupos que usan unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos do estado que falan unha lingua utilizada de forma idéntica ou similar [...]

Como é sabido, o dominio territorial de lingua galega esténdese máis alá das fronteiras administrativas da Comunidade autónoma de Galicia, xa que abrangue as comarcas veciñas da Comunidade autónoma de *Asturias* e das provincias de *León* e *Zamora* (Comunidade de Castela-León), ademais de existir un enclave de lingua galega na provincia de *Cáceres* (Comunidade de Extremadura), non territorialmente contiguo con Galicia. Con todo, os dereitos dos falantes galegos e os servizos que reciben na súa lingua vense drasticamente reducidos (ata a inexistencia virtual) fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. No tocante a estas comarcas, nin as autoridades do Estado nin as rexionais ou provinciais teñen feito esforzos visibles e eficaces para mellorar a situación de práctico descoñecemento da lingua galega e dos seus falantes en calquera dos ámbitos contemplados na Carta: Educación, Xustiza, Administración e Servizos Públicos, Medios de

Comunicación, Actividades culturais e equipamentos, Vida económica e social. Ademais, as modestas iniciativas nese sentido das autoridades locais foron enerxicamente desincentivadas polas autoridades rexionais de Asturias e Castela-León.

Entendemos que a Comisión de Expertos debe informar desta grave violación da Carta ao Comité de Ministros, e que este debe aprobar recomendacións concretas para que sexan tomadas medidas, especialmente no campo da Educación e Administración e Servizos Públicos, a fin de facilitar a incorporación do galego e facer efectivos os dereitos dos falantes galegos a aprenderen a súa lingua e na súa lingua, a usárena e a seren correspondidos, polo menos nas áreas mencionadas. Corresponde, fundamentalmente, ás entidades estatais, comunidades autónomas, provinciais e locais aprobar as iniciativas a este respecto. O goberno e as institucións culturais galegas (nomeadamente, a Real Academia Galega) están obrigados polos seus estatutos a apoiar todas as medidas adoptadas cara a mellorar esta situación inaceptable.

Artigo 8: Educación

O Reino de España comprometeuse a aplicar ao galego, por ser un dos idiomas recoñecidos como oficiais no Estatuto de Autonomía de Galicia, as previsións recollidas nos apartados a.i, b.i, c.i e d.i da Carta, é dicir, establecer unha educación preescolar, primaria, secundaria e profesional garantida nese idioma. Tal previsión nunca foi posta en práctica. Ata 2010, as normas legais que viñan regulando o uso do galego no sistema educativo pre-universitario seguían un criterio de “mínimos”, isto é, estipulaban a presenza mínima esixida desta lingua como vehículo de educación que todo centro debía cumprir.

Seguindo as disposicións do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2004, o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, da Xunta de Galicia, polo que se regulaba o uso e a promoción de galego no sistema educativo, achegábase por primeira vez ao cumprimento do compromiso contido na Carta, ao establecer un *uso mínimo* do galego como lingua vehicular do 50% do currículo escolar nos niveis preuniversitarios indicados. Pola contra, o decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, da Xunta de Galicia, entra en flagrante contradición co compromiso asumido na Carta, por canto non só non prevé o establecemento dunha liña de ensino en lingua galega nos niveis indicados, senón que o pon claramente fóra da normativa legal, ao establecer, por primeira vez, un *límite máximo* para o uso do galego, que en ningún caso poderá ser superior ao 50% do currículo.

En vista do exposto, a Real Academia Galega insta a Comisión de Expertos para que solicite ao Comité de Ministros unha recomendación específica para

que o goberno galego remova os obstáculos normativos que impiden o cumprimento do compromiso asumido polo Reino de España e para que tome medidas inmediatas tendentes ao establecemento dunha liña educativa completa ou principalmente en lingua galega nos niveis educativos contemplados na Carta.

Artigo 9. Xustiza

O uso do galego na Administración de Xustiza é dificultado, sobre todo, por dous factores:

- a) A resistencia das autoridades do Estado a estipular unha esixencia de coñecemento da lingua, polo menos, nunha porcentaxe significativa de prazas de funcionariado de servizos públicos dos distintos niveis administrativos, especialmente aqueles que forman parte dos chamados “corpos nacionais”, é dicir, funcionariado público dependente da administración xeral do Estado (xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais etc.).
- b) A falta de formación especializada do persoal da administración da xustiza e de dotación dos recursos informáticos –especialmente o programa Minerva, de uso obrigado nos xulgados, que obriga a traballar en castelán e non permite o uso do galego– e outros medios técnicos (léxicos especializados, un corpus suficiente de textos legislativos, administrativos e xudiciais en galego e/ou traducidos ao galego).

Os esforzos do goberno galego e de varias corporacións e asociacións profesionais de traballadores da Administración da Xustiza, non son suficientes para compensar a pasividade, a negligencia e, nalgúns casos, a belixerancia das autoridades estatais.

A Real Academia Galega solicita que o Comité de Expertos inste o Comité de Ministros a que recorde ao Reino de España os compromisos adquiridos neste punto, e reclame que se tomen medidas concretas para cumprilos.

Artigo 10. As autoridades administrativas e servizos públicos

Para que as persoas galego-falantes sexan adecuadamente atendidas na súa lingua, e para que as actuacións administrativas poidan ser realizadas e comunicadas normalmente en lingua galega, é imperativo contemplar determinados niveis de esixencia de coñecemento desta lingua ás persoas que pretendan acceder á función pública. Desde 2009, o Goberno galego rebaixou, ao noso parecer sen xustificación, o nivel de esixencia nesta área. A Real Academia Galega pide que a Comisión de Expertos tome nota disto e advirta da necesidade de manter uns niveis de esixencia razoables.

Artigo 11. Medios de comunicación


Entre os compromisos contraídos polo Reino de España neste ámbito atópase o de “estimular e / ou facilitar o mantemento de polo menos un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias” (11, e.i). No ámbito da prensa escrita, a presenza do galego caeu drasticamente a partir dos anos 2010-11, cando pecharon medios como o xornal *Galicia Hoxe*.

Por outra banda, as empresas concesionarias de licenzas de radio e televisión, incumpren sistematicamente a obriga legal de emitir polo menos ao 50% en galego, sen que as autoridades tomen medidas correctivas.

A Real Academia Galega interesa a Comisión de Expertos para que chame a atención do Comité de Ministros sobre a importancia de que as autoridades do Reino de España apoiem a publicación de polo menos un xornal en galego e garantan o cumprimento das disposicións legais sobre o uso do galego nas emisoras de radio e televisión de alcance rexional ou local.

A Coruña, 1 de outubro de 2014

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2014



Retrato de Xosé Neira Vilas / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

XOSÉ NEIRA VILAS

Xesús Alonso Montero

(Gres, Vila de Cruces, 3/XI/1928 - id. 27/XI/2015)

I. ADMIRACIÓN E LOITO

Hai meses que nos deixou o noso compañeiro, cando acababa de cumprir oitenta e sete anos, os mesmos que cumpría quen ten a honra –e, en certo modo, a obriga– de redactar estas páxinas, este artigo necrolóxico. Desde 1966, unha parte non moi pequena da miña biografía literaria ten relación coa biografía intelectual do compañeiro que o día 27 de novembro de 2015 *foi durmir fóra*. Acababa de cumprir oitenta e sete anos, boa parte dos cales foron, nel, un exercicio de amor e rigor no eido das Letras Galegas. Eu que lle teño dedicado páxinas e páxinas a ese labor, a ese fértil e apaixonado labor, sigo admirado.

Se a cultura galega está hoxe de loito, a Real Academia Galega esta de dun xeito especial. Pertencía Neira Vilas á nosa institución, como membro numerario, desde o 17 de novembro de 2001, data na que leu o seu discurso de ingreso que titulou *A cultura galega en Buenos Aires (1950-1960)*, década fecunda como poucas naquel espazo. Eu tiven a honra de recibir na Casa da Palabra a “un escritor que leva[ba] labrando no eido das nosas palabras” máis de sesenta anos. Finalizaba eu a miña oración académica comparando as biografías lingüísticas de Curros Enríquez e do propio Neira:

Hoxe, 17 de novembro do ano 2001, ingresa Xosé Neira Vilas nunha institución, a Academia Galega, que existe mercé a unha iniciativa de Manuel Curros Enríquez, o noso extraordinario poeta civil. Convén recordar hoxe, aquí, que Curros Enríquez, o gran poeta, viviu unha gran parte da súa vida fóra de Galicia, fóra, pois, do *humus* idiomático, pero, no desterro –lonxe da terra e da lingua– foi capaz de construír poemas nun galego que aínda hoxe asombra e conmove pola súa riqueza, pola súa autenticidade e polo seu espírito enxebre. Nesa liña de riqueza e autenticidade está a obra toda de Neira Vilas que foi “dos patrios eidos xotado”, como Curros Enríquez, cando era moi novo. Ámbolos dous viviron na Habana, Curros catorce anos, e Neira Vilas, algúns máis. Neira Vilas, na Arxentina ou en Cuba, non só non perdeu o galego senón que o foi enriquecendo e matizando intimamente, como fixo Curros Enríquez en Madrid ou na Habana. Escritores, tamén nisto, camaradas.

No caso de Neira Vilas, fundamentalmente prosista, o seu talento de narrador beneficiase dos tesouros lingüísticos que todos lle recoñecen. Con estes tesouros e co seu talento de escritor ingresa hoxe na Academia Galega (Neira 2001: 51).

II. DA ALDEA Á ARXENTINA

Neira Vilas naceu nunha humilde aldea galega, en Gres, e fíxoo nun fogar tamén humilde, e cando xa falaba, pensaba, xogaba, cantarolaba e soñaba no falar daquela aldea, daquel fogar e da xente do seu igual, atopouse, como moitos outros, cunha circunstancia brutal: a da Guerra Civil Española, froito dunha sublevación militar que, desde o principio, moi claramente, non se deseñou para potenciar as aldeas, para enriquecer os fogares humildes e para estimular aquel falar. Sexa o propio Neira quen nos leve a aquel lugar e a aquel tempo:

Nacín nunha aldea do val do Ulla, no seo dunha familia de campesiños pobres. A vivencia dos anos da nenez (que foron os da guerra e da posguerra) deixaron en min unha rebeldía e un afán de xustiza non só social senón tamén cultural, diante do abafo e o alleamento padecidos. E se o conto en primeira persoa, fágoo porque así cadra, pero tal era a situación de milleiros de rapaces labregos do meu tempo. Se vale como botón de mostra, direi que fun castigado na escola por escribirlle en galego unha inocente cartiña a un compañeiro. El tiña dez anos e eu nove. E valla como anécdota que comecei a desquitarme ós dezasete, cando nas festas do entroido ullán lle axeitaba versos galegos a corridos mexicanos de moda, e os coros ocasionais e os veciños repetíanos con agrado (Neira 2001: 16).

Neira Vilas, de mozote, e xa de neno, rebélase non só contra as chamadas inxustizas sociais (o que non é infrecuente en espíritos inquedos) senón tamén contra a concepción lingüística da clase dominante, en xeral aceptada, sen problemas, polas clases subalternas. Este é o Neira Vilas que emigra a Buenos Aires no ano 1949 para fuxir da precariedade –como tantos que foron no seu barco– e para traballar, no que fose, nun espazo con outros horizontes vitais¹. Xa non coñeceu a Castelao, que morrería moi pouco despois, pero, sensible, agudo e preguntón, non tardou en bater con coterráneos que o concienciaron e orientaron. Súa é esta revelación:

1 Embarcou en Cádiz, no buque Cabo de Buena Esperanza, o 22 de xaneiro de 1949, e chegou a Buenos Aires o 10 de febreiro dese ano.

Moitos, ademais de gañarmos o pan de cada día, estudiabamos polas noites e, ademais, en contacto cos paisanos máis lúcidos e combativos, descubrimos Galicia, e dende entón traballamos con lexítimo entusiasmo pola dignificación do noso país de orixe. Asumíámolo como algo ineludible. Como unha mística. (Neira 2001: 16).

Non é desaxeitado que faga, aquí, unha brevísima inmersión na miña biografía, por razóns estritamente pedagóxicas. Xosé Neira e mais eu somos da mesma quinta, pois fomos nados en novembro de 1928; el e mais eu vimos de xente humilde, a miña (cómpre aclaralo) un pouquiño menos desabastada, e el e máis eu vivimos no agro experiencias lingüísticas e escolares moi semellantes desde xaneiro de 1938, a data en que eu, coa miña familia, me radiquei na aldea. Pero as nosas biografías, xa mozos, diverxen. Cando el emigra a Buenos Aires, eu curso primeiro de Filosofía e Letras na Universidade Central (Madrid). Facer unha carreira universitaria era un privilexio negado, daquela, ós fillos dos *labregos*, e unha especie de lotería para algún que outro fillo de *labradores*. En 1956, tres anos despois de licenciarme en Filoloxía Románica, continúa a miña condición de privilegiado: fágome catedrático, por oposición, para ensinar lingua e literatura españolas, en Santiago, a alumnos que estudan maxisterio e que non tardarán en opositar a mestres de escola, a mestres nacionais. Pero nese ano, Xosé Neira asiste a clases que calquera de nós envexaría: as organizadas no Centro Ourensán pola AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), que dirixe Antonio Baltar, galego exiliado que, antes da Guerra, fora profesor, en Santiago, na Facultade de Medicina. Imparten os cursos: Rafael Dieste (Literatura), Eduardo Blanco Amor (Lingua), Ramón de Valenzuela (Xeografía), Alberto Vilanova (Historia)... Non só informan á xente moza sobre parcelas e aspectos da realidade galega senón que o fan desde postulados ideolóxicos distintos.

Unha experiencia semellante non existía en Galicia antes de 1960. O máis citable son as conversas de Ramón Piñeiro no seu propio domicilio con algúns universitarios composteláns. Nesta altura (1956, 1957), Neira Vilas ten a fortuna de vivir unha experiencia intelectual inimaxinable na Galicia deses anos. Como Xosé Neira é home de inquedanzas, de lecturas e de compromisos, antes de cumprir os trinta anos ten uns saberes e unha conciencia das cousas que lle permiten encontrar respostas ós problemas da súa aldea, da súa infancia, da escola padecida e tamén da súa condición de emigrante. O contacto cos profesores citados e outros emigrados e exiliados permítelle entender cales eran as expectativas de Galicia no verán de 1936 e cal foi a oportunidade histórica furtada a Galicia o 18 de xullo de 1936: a unha Galicia chamada, segundo todos os indicios, a mellorar as súas aldeas, a enriquecer o espírito dos nenos campesiños, a deseñar outro tipo de escola e a crear as condicións que evitasen o éxodo secular das xentes do

campo. Antes dos trinta anos, Xosé Neira Vilas é un cidadán froito destas experiencias e destas reflexións, e desde ese cidadán, o escritor Neira Vilas vai escribir poemas, relatos, artigos, cartas, estudos, conferencias e outro tipo de textos. Coa súa intelixencia, coa súa sensibilidade e co seu talento de escritor, vai producir, desde os trinta anos, unha caudalosa obra literaria sempre fiel ás “universidades” nas que se formou. Para algúns biógrafos o primeiro curso do seu *curriculum* “universitario” foi, neno aínda, no ano 1938, o día en que o seu mestre antigineriano o castigou por escribir para un compañeiro da escola unhas palabriñas en galego, a lingua na que eles falaban e soñaban.

Moi mozo, antes de darse a coñecer como escritor, o cidadán Xosé Neira Vilas exerce de militante da causa galega, un activista que pon o seu criterio sempre asinado ó servizo da súa militancia. En xullo de 1956, foi peza importante no desenvolvemento do Congreso da Emigración Galega celebrado en Buenos Aires, e un ano despois, o 15 de xullo de 1957, crea Follas Novas, subtitulada “feira permanente do libro galego”, que foi editorial, distribuidora de libros galegos, organizadora de actos culturais e propagandista entusiasta da cultura literaria e artística de Galicia. Fíxoo na compañía de Anisia Miranda, coa que casara había moi pouco, e fíxoo, en boa parte, no seu fogar².

Antes do famoso Congreso, Neira Vilas foi fundamental na creación das Mocidades Galeguistas, iniciadas en 1953, cando tiña vinte e catro anos. Desde esa data a 1960 non lembro actividade galeguista de importancia da que el estivera ausente, unha delas moi relevante, a que desembocaría, en novembro de 1954, na “batalla de Montevideo”³. Meses antes, Neira Vilas e outros rapaces das Mocidades Galeguistas repartiron, por rúas e prazas de Buenos Aires, miles de folletos nos que se denunciaba a persecución de que era obxecto o idioma galego por parte das autoridades franquistas. Dos textos do folleto, o que máis *doeu* á Embaixada de España foi o artigo que o escritor arxentino Francisco Luis Bernárdez publicara algo antes nunha revista católica de moito prestixio en varios países suramericanos. Titulábase “El idioma prohibido” e aparecera no número 2011 de *Criterio* (13/V/1954). Tamén no discurso académico de 2001 Neira Vilas relata, sen adornarse con plumas alleas, este episodio que culminou na Asemblea que a UNESCO celebrou en Montevideo a fins de 1954, asemblea na que delegados de moitos países recibiron en man, abraidos –de mans de patriotas galegos– o texto da Denuncia.

2 Casou con Anisia Miranda (Ciego de Ávila, Cuba, 30/XII/1932-Gres, 20/X/2009) en Buenos Aires o 21 de febreiro de 1957.

3 Ver o meu libro *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954* (Alonso 2003), nomeadamente as páxinas 32 e 104.

III. ESCRITOR FEITO E CONSOLIDADO NA DIÁSPORA

Cando, arredor de 1960, Neira Vilas inicia en serio o seu mester de escritor, a súa obra vai chantar as raíces sempre nas realidades, nas cavilacións, nas actividades e nos proxectos que conformaron a biografía do cidadán que en 1938 improvisaba unha breve carta en galego e o mozo comprometido que, de 1957 a 1960, levou a boa nova da existencia dos nosos libros, das nosas Letras, “a mares nunca d’antes navegados”. A dilatada diáspora galega non producira un escritor galego desta valía e destas características; escritor –no caso de Neira Vilas– que naceu, como tal, na diáspora, que na diáspora se consolidou e que nela logrou unha boa parte dos seus grandes froitos. A súa práctica monolingüe, iniciada con éxito en Buenos Aires, continuará en Cuba de 1961 a 1992, trinta anos nos que Neira Vilas foi moi consciente de que a súa obra en lingua galega, nomeadamente a narrativa, non só era moi ben recibida senón que era agardada con emoción, en Galicia, por moitos letraferidos.

No segundo semestre de 1960, este cidadán transterrado escribe *Memorias dun neno labrego*, un dos grandes fitos da literatura galega. Sairía do prelo, en Buenos Aires, o 5 de xaneiro de 1961. Nese ano, Anisia Miranda e Xosé Neira, non alleos ó fulgor da Revolución castrista, instálanse en Cuba. Pero o primeiro libro de quen sería, esencialmente, un gran narrador, foi un libro de poemas, *Dende lonxe*, de 1960, libro de clara modulación social.

IV. UN FITO DAS LETRAS GALEGAS: MEMORIAS DUN NENO LABREGO (1961)

Calquera que se achegue á caudalosa, dilatada e polifacética obra literaria de Neira Vilas, baterá cun título, *Memorias dun neno labrego*, que constitúe un capítulo de especial relevancia no *currículum* do noso autor. Aí están as edicións, as traducións e as adaptacións, que nos remiten ó mundo dos lectores, das multitudes de lectores, non poucos gañados para a causa da lectura de textos galegos, en tempos pouco favorables, mercé á excelencia e a eficacia deste gran relato. Se apelamos á crítica, non cómpre ter en conta reseñas, estudos universitarios e traballos varios, que son centos e centos de páxinas; abonda con sabermos que, nestes últimos anos, a figura de Balbino, o protagonista e narrador das *Memorias*, suscitou o interese de decenas de estudosos, interese que callou en dúas grosas publicacións: *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe* (Aldrey/ Fernández 2011)⁴ e *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (Muleiro 2013)⁵. No primeiro volume danse

4 O volume recolle as ponencias dun curso, co mesmo título, impartido pola UNED na súa aula de Lalín (Pontevedra).

5 O volume recolle as intervencións dunha homenaxe a Balbino en maio de 2009 (Vigo), tamén coordinada polo profesor Avelino Muleiro, e textos que, con posterioridade, solicitou o coordinador.

cita, fundamentalmente, sociólogos, antropólogos, historiadores e xeógrafos, e no segundo colaboran oitenta e seis nomes moi vencellados á crítica e á historia literarias.

Eu prologuei a segunda edición das *Memorias*, de 1968, que foi a primeira na Galicia territorial, expresión esta da que gustaba moito Xosé Neira. Desde aquel prólogo a hoxe, dediquei un número moi considerable de páxinas ás *Memorias dun neno labrego* en artigos, ensaios, reseñas, conferencias, homenaxes... Poucas actividades literarias miñas me confortan tanto. Con esas páxinas, sobre todo antes da morte de Franco (1975), contribuíñ –penso– a que se coñecese e difundise un relato que foi –e segue a ser– de non pouca utilidade estética e ética, ademais dunha regalía idiomática, tan eficaz, naqueles tempos, para xerar lectores de textos galegos.

Quizais cadre que reproduza aquí unha carta, breve, que me enviou Neira co gallo dunha “nova edición” do singular libro.

Gres, 31-10-03

Querido Xesús: acaba de saír unha nova edición de “Memorias”. Recibín exemplares hai dúas horas e comprázome en mandarcho. Fuches –e es– un promociador excepcional desta novela dende que se publicou por primeira vez, en 1961. Xa choveu... E satisfáceme e hónrame certamente o feito de que andemos xuntos nestas páxinas, con ese teu fermoso, insuperable proemio.

Unha forte aperta, nos nosos setenta e cinco novembros.

Pepe

En efecto, o maxistral relato de Neira Vilas publicouse en Buenos Aires en xaneiro de 1961, pero tardará algúns anos en converterse nun libro de éxito entre os lectores. Arredor de 1990 aínda se atopaban bastantes exemplares na capital arxentina. Cómpre recordar que, na Galicia de 1961, había moi poucos lectores de prosa galega, especialmente entre a mocidade universitaria, a mocidade que en 1968 (data da segunda edición) non só lerá o libro con fruición senón que o promociará e divulgará extramuros da Universidade, incluso nas aldeas.

A mocidade universitaria comeza a interesarse, dun xeito significativo, polos textos en galego a partir de 1962 (de outubro de 1962), data da primeira edición de *Longa noite de pedra*. Algúns deses mozos vinculaban o idioma galego á reivindicación social, reivindicación ben presente (pese á Censura) nos poemas de Celso Emilio Ferreiro, que era un gran poeta pero non superior a Xosé María Díaz Castro, o autor de *Nimbos* (1961), libro que, case ignorado, non foi actuante nos medios universitarios. Desde 1963 vagas concepcións marxistas alimentaban as inquiredanzas de moitos mozos universitarios, razón pola cal foi tan ben recibido *Longa noite de pedra*, un libro no que os mellores poemas eran canción e espada.

Aquí as cousas, un grupo de universitarios marxistizantes, entre eles Arturo Reguera, propúxose reeditar o relato de Neira Vilas nunha editorial “non nata” (Rúa Nova)⁶.

Isaac Díaz Pardo e mais eu, moi próximos ó espírito e ás persoas da “non nata” Rúa Nova, publicamos en Edicións do Castro a segunda edición das *Memorias*. Aconteceu, tal como reza o colofón, “o día 17 de maio de 1968”. Eu escribín o “Limiar” e Díaz Pardo, o editor, debuxou a tapa e catro ilustracións. A novela tivo un éxito de público sen precedentes na historia da narrativa galega: terceira edición en 1969, cuarta en 1971... Cando morre Franco en novembro de 1975, xa se venderan cinco edicións, ou sexa, varios miles de exemplares. Desde maio de 1968, “lletraferits” de esquerdas, en xeral, e universitarios marxistas, en particular, convertéronse en propagandistas entusiastas da conmovedora novela de Neira Vilas. Como no caso do gran poemario de Celso Emilio Ferreiro, eses universitarios e eses “lletraferits” batían por primeira vez, nos tempos da Posguerra, con dous importantes textos nos que a lingua do pobo, reprimido nos seus dereitos, manifestaba unha concepción demótica, non “señorita”, da sociedade e da historia. Está claro –e estaba claro– que a prosa narrativa de Neira Vilas non era superior á de Álvaro Cunqueiro, pero Cunqueiro non mobilizaba o entusiasmo esquerdista dos “lletraferits” e dos universitarios comprometidos cos versos de Celso Emilio e coas páxinas de Neira Vilas. Neira Vilas e Celso Emilio, non sempre máis valiosos literariamente, eran, historicamente, máis necesarios. Así se pensaba daquela.

A lectura que eu facía das *Memorias* en 1968 é a que manifestei no “Limiar” da segunda edición e en varios textos e conferencias dese ano e dos anos anteriores ó 20 de novembro de 1975. Son bastantes páxinas, o que proba o meu compromiso socioliterario co libro de Neira Vilas, un libro que me permitía –que nos permitía– facer un pouco de política de esquerdas, incluso socialista ou marxista, desde tribunas literarias. Naquel tempo tan despótico para os pronunciamentos políticos desta índole, non era inmoral, coa causa ou co pretexto de Neira Vilas, facer, ademais de literatura, política. Ás veces as autoridades –os que tiñan a facultade indiscutible de prohibir– decatábanse da nosa intención e prohibían conferencias ou presentacións de libros. O que eu pensaba daquela das *Memorias dun neno labrego*, formulado sen as cautelas de onte, é o que escribín hai uns

6 É significativo que fose Arturo Reguera, entre os novos, o autor da primeira reseña do libro: “Unha gran novela: *Memorias dun neno labrego*”, *Signo*, Madrid, 7/1/1967. Reguera foi o tradutor ó galego da “Segunda parte” (“Cinco escritores na realidade do seu tempo”) do libro de Víctor Luis Molinari *Itinerario galego. Viaxe dun arxentino polas terras, polas xentes e pola cultura de Galicia* (1970: 57-84). O libro, en edición bilingüe, publicárase en Follas Novas (Buenos Aires) o propio Neira Vilas, tradutor galego das páxinas de Molinari, un ligur na literatura galega. A edición luguesa, que eu preparei, engadiu os cinco breves estudos (que traduciu A. Reguera), o primeiro dos cales trata das *Memorias* de Neira Vilas.

anos nunha homenaxe a Balbino, o protagonista do gran relato de Neira Vilas. Reproduzo dous apartados do artigo “Balbino, o pantrigo, o amor e a conciencia de clase” (Alonso 2009).

Este rapaz era, naquela aldea de hai setenta anos, “un ninguén”, pero érao por pobre, pois da aldea era tamén Manolito “e non hai quen lle tusa”. Así de lúcido era aquel neno pobre da aldea, o neno que, ó referirse a Manolito, fillo do señor, fillo do dono das terras das que o pai do Balbino era caseiro, fai esta observación: “Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo pra levar o gando a pacer”. Manolito, o verdadeiro antagonista do relato de Neira Vilas, “come pantrigo”, vedado na casa de Balbino, tan vedado que non o pode mercar nin para a súa delicada nai, a quen, por certo, “sentáballe mal a broa”.

Na nosa fraseoloxía e na nosa literatura abundan as expresións e as páxinas nas que o pantrigo, para o imaxinario rural, é o caviar dos pobres, termo descoñecido para esas xentes. Que era así, próbaos aquela “cousa da vida” de Castelao na que unha nena de aldea, grandíña, respóndelle a unha máis pequena que “o Rei comerá... comerá... comerá... sucre”. Foi, precisamente, Castelao quen, en 1937, describindo a Galicia futura por el soñada, escribe: “Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga”. Castelao, que non era Marx, tiña unha ética percepción sociolóxica que o levaba a ser intérprete conmovido e conmovedor das cobizas íntimas do proletariado rural do seu tempo. Supoño que Castelao, moi atento observador dos ditos populares, sabía que, en certas terras, os Balbinos chamaban ó pantrigo “pan de voda” ou “pan dos días de festa”. Os Manolitos, que o comían sempre, non só os días nos que había fume na igrexa, non lle chamaban, loxicamente, desta maneira.

Para o Manolito do relato de Neira Vilas, que é o rico da aldea, o pantrigo é un acontecemento diario e natural, e así o subliña Balbino, rapaz listo, preguntón e con perspectiva de clase.

Xa mozote Balbino, chega á escola pública da parroquia Eladía, unha mestra moi nova, duns vinte anos, e tan fermosa e xeitosa que “parecíame un anxo, unha criatura baixada do ceo”. O caso foi que Balbino sentiu “un agurgullar no peito” e que “nunca lle pasara tal”. ¡Namorárase! Namorárase, pero non dunha rapaza da súa idade e do seu igual. Eladía, maior ca el, era doutra condición intelectual e profesional. Tamén aquí o feito universal do amor ten compoñente de clase, de clase social.

Aquel rapaz da aldea, intelectual ó seu modo, está engaiolado por Eladía porque é profesora, porque ten libros e porque na súa habitación había “cadros, xerriñas, flores... roupas de seda...”. Tiña, pois, os atributos da “clase alta”, como dirían os sociólogos das silveiras. Balbino, que a visita un día que estaba

enferma, chega a confesar que, “naquel ambiente de roupas de seda e paredes caleadas, sentín vergoña dos meus zocos e remendos”. É a primeira vez na que Balbino, lúcido sempre, se avergonza da súa clase social.

Quen queira buscarlle unha causa a esta deslealdade, terá que imputarlle ó amor, a un amor inmenso e tolo que amoleceu a racionalidade e a lóxica social deste mocíño novo que amaba en segredo. Amaba tanto a Eladía que, cando días despois, viuna de ganchete e bicándose cun mozo da súa idade e do seu igual, non se puido erguer do leito pola “moita febre” que tiña. Non sei se, xa home feito e dereito, Balbino chegou a sospeitar que, o día da visita á casa de Eladía, el, co súa deslealdade, retrasara un minuto –un minuto máis!– a Revolución.

En 1968, eu, coñecedor das gadoupas da Censura, autocensurábame tanto que non mencionaba a Marx nin invocaba a Revolución (futura), pero xa artellaba textos que, sen dúbida, desacougaron unha miguiña ós funcionarios do Ministerio de Información, daquela gobernado por Fraga Iribarne.

Este, por exemplo:

Balbino é un rapaz listo e preguntón que, na procura das pequenas e concretas felicidades, tropeza cuns muros só existentes –sospeita– para os seres da súa condición social. Con esta conciencia –un caso claro de conciencia de clase– Balbino traballa de noite para poder asistir á escola, deixa de ir ás festas por un loito que non sinte e apedrea ó fillo do señor cando sinte a súa dignidade ferida [...] As *Memorias dun neno labrego* son a resposta lúcida e auténtica dun oprimido á opresión. Nelas, Balbino, un rapaz dos nosos campos, fainos ver que o orden de cousas herdado pode ser modificado porque as cousas –recál-calle Balbino a un amigo seu pouco afeito a cavar– “acontecerán según nós queiramos”.

Así retrataba eu a Balbino en 1968, ó Balbino que ante aquela realidade “invítanos a non ser cómplices”. Esta era a lectura que, como prologuista das *Memorias*, eu propuña ós lectores daquel tempo. Militante do libro, reproducín o prólogo, en castelán, no volume *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega* (Alonso 1968). Un ano despois, disertei no Centro Galego de Buenos Aires sobre “A problemática do campo na literatura galega”, disertación na que insistín na idea de que “a vida campesiña [nas *Memorias*] era vista desde os ollos dun neno pobre” e que nunca “fora contada con tanta verdade” (Alonso 1969a: [6]).

Cónstame que algúns galegos esquerdistas da diáspora porteña releron a Neira Vilas (xa, daquela, en Cuba) por esta conferencia e por un traballo que publiquei nesas datas na revista *Boiro* que dirixía un vello comunista. O artigo reproduce, en boa parte, o “Limiar” de 1968 (Alonso 1969b).

Na mesma liña publiquei na revista *Triunfo* (Madrid), tan crítica co Réxime, o artigo “Neira Vilas en Galicia” (14/X/1972). En efecto, nestas datas Neira facía a primeira visita á súa terra desde que emigrara en 1949, había vinte e tres anos. Na presentación que eu trazaba do escritor na revista madrileña, lida polos antifranquistas de toda España, puña o acento, unha vez máis, nas *Memorias*, e, xa nelas, insistía no feito de que foran relatadas por “un niño campesino con conciencia de clase”, formulación que –cónstame– eu sabía ben que podería rexeitar a Censura do Ministerio non o lapis de Eduardo Haro Tecglen, responsable daquel extraordinario semanario⁷.

Lembro que este artigo alertou a Silverio Cañada, director da editorial Júcar, para promover e publicar, en 1974, a tradución castelá das *Memorias de un niño campesino* (Madrid). O prólogo, que eu escribín, acompañou o relato de Neira Vilas nesta primeira incursión “por mares nunca d’antes navegados”.

Dentro e fóra de Galicia, pronunciei bastantes conferencias nas que Neira Vilas e as súas *Memorias* foron obxecto de especial atención entre 1968 e 1975. En todas elas debruceime sobre o conmovedor relato desde a concepción filomarxista xa indicada nos parágrafos anteriores, e en todas elas puña o acento na riqueza e enxebreza léxicas do autor sen deixar de subliñar que estabamos ante unha narración literariamente engaiolante. Nun tempo en que a literatura galega acababa de reemerxer, a presenza dun libro en prosa das características e virtudes de *Memorias dun neno labrego* conquistou para a causa da lectura en galego centos e centos de lectores. Celso Emilio Ferreiro e Xosé Neira Vilas, mentres gañaban lectores ás veces reticentes co idioma galego, contribuían a faceren cidadáns de esquerdas. O galeguismo tamén se beneficiou, e non pouco, destas páxinas.

Tense dito que os meus artigos, os meus prólogos e as miñas prédicas contribuíron o seu na definición e na divulgación das *Memorias*. Quizais conveña sinalar que eu estaba, por idade e profesión, no franquismo serodio, no medio e medio dunha especie de factoría luguesa na que salientaban, pola súa adhesión literaria (e moral) ás páxinas do gran relato de Neira Vilas, ademais de Arturo Reguera, Rafael Bárez, Constantino Cabanas, Xosé Cervo, Perfecto Conde, Anxo Guerreiro (“Geluco”), Luís María Salgado (“Papís”), María Victoria Moreno, Miguel Anxo Murado, Federico Ordax, Xesús Rábade Paredes, Víctor Peinó, Josefa Román Costa, Fernando Salgado, Rafael Sánchez Fernández García... Eles e elas foron sementando a boa nova.

Morto Franco, as *Memorias* seguíronse reeditando, traducindo, citándose, gabándose e comentándose xa en tempos máis favorables. Eu escribín un novo prólogo para a décima edición, de 1981, e outro, para a vixésima, de 1999, a

⁷ Reprodúcese o artigo no meu volume *Letras galegas explicadas (de 1962 a 1980)*, 2008: 75-77.

pedido do propio Neira Vilas, daquela na teima de que era o seu desexo de que eu escribira un novo limiar cada dez edicións. Non sei por que non redactei un limiar para a trixésima edición, a última que fixo Edicións do Castro. Hoxe a que circula no mercado é a trixésimo primeira, que é a primeira de Galaxia (ano 2010), editorial que reproduce o meu “Proemio” de 1999. Todo isto proba que o libro “funciona”, xa morto Franco e moi lonxe das circunstancias que viviu Balbino Neira Vilas cando era neno. Funciona, sobre todo, cando alguén, como Cándido Pazó, converte o relato nun revelador monólogo seu⁸.

V. OS ANOS DE CUBA: 1962-1992

Moi pouco despois de publicadas as *Memorias*, Xosé Neira e Anisia Miranda inician a experiencia cubana levados, en boa parte, polo fulgor da Revolución castrista. Neira, na Habana, será, mesmo no organigrama administrativo, unha peza –unha peza máis– da Revolución. Moi significativa é a súa primeira actividade, no Ministerio de Industria, do que era responsable Ernesto Che Guevara, co que coincidiu en varias xuntanzas de traballo. Mesmo parte da súa obra céntrase en autores cubanos, revolucionarios ou prerrevolucionarios. Repárese nestas traducións: *Trintenove poemas*, de Nicolás Guillén (1977); *A historia absolvemente*, de Fidel Castro (1990) e *A idade de ouro*, de José Martí (1991). Xa instalado en Galicia, en 1993, publica *O camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier. Anisia Miranda, que tiña relevantes responsabilidades no proceso cultural da Cuba revolucionaria, viaxou a Vietnam, mítico país daquela no imaxinario mundial da esquerda, onde visitou ó mesmísimo Ho Chi Minh. Á volta, o seu compañeiro Xosé Neira coñece o *Diario de prisión* do líder comunista, tradúceo e publícao, en 1979, co título de *Xornal de prisión*.

Asemade hai un Neira Vilas que estuda a fondo capítulos importantes da historia e da cultura de Galicia que tiveron como escenario a Illa: *Castelao en Cuba* (1983), *A prensa galega de Cuba* (1985), *Rosalía de Castro e Cuba* (1992)... Outros títulos son posteriores: sobre Murguía, sobre o Himno galego etc. Durante anos e anos relaciónase con non poucos galegos de máis idade, que, afectos ou non á Revolución, tiñan un fondo sentimento de galeguidade e, en moitos casos, posuían libros e folletos galegos, revistas galegas e documentos da actividade societaria galega na Habana e noutras cidades da Illa. Nestes contactos conseguiu un inxente material bibliográfico, hemerográfico e documental co que constituíu, en 1969, a Sección Gallega do Instituto de Literatura y Lingüística na Habana (dentro da Academia de Ciencias de Cuba). É unha das grandes “obras” de Neira Vilas.

8 *Memoria das memorias dun neno labrego*, que ten representado, desde hai varios anos, con moito éxito, en bastantes escenarios de Galicia e de fóra.

En Cuba consolídase o narrador que nos engaiolara en 1961 coas *Memorias*. É o Neira Vilas de *Xente no rodicio* (1965), de *Camiño bretemoso* (1967), de *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1968), *Remuíño de sombras* (1973), *Aqueles anos do Moncho* (1977)... Son novelas ou relatos sobre o neno —a infancia e a aldea do autor moi presentes— ou sobre adultos emigrados. Dolores Vilavedra, que se debrozou desde a súa Memoria de Licenciatura (Vilavedra 1990) sobre a narrativa do noso autor, establece tres grupos:

Novelas de protagonista infantil que transcorren en Galicia. Aquí incluíriamos *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977). [Son as tres narracións que eu editei en 1978 nun volume, co título *O ciclo do neno*, na editorial Akal (Madrid), na colección Arealonga, que eu dirixía].

Novelas de protagonista adulto que transcorren en Galicia. Esta categoría abrangue os libros de relatos *Xente no rodicio* (1965) e *A muller de ferro* (1969), así como a novela *Querido Tomás* (1980).

Novelas de protagonista adulto que transcorren en Arxentina. Incluío aquí as narracións recollidas en *Camiño bretemoso* (1967) e *Historias de emigrantes* (1968), así como a novela *Remuíño de sombras* (1973) (Vilavedra 2011: 53).

Neste traballo da profesora Vilavedra hai un capítulo que cómpre salientar. Titúlase “A contribución de Neira Vilas á renovación da narrativa galega”, capítulo que pon de manifesto a modernidade e a pluralidade de técnicas narrativas que autor de temática “tan tradicional” cultiva con tanta pericia como eficacia. Reproducimos, dese ilustrador capítulo, só unha páxina:

Para avanzar un paso máis na miña argumentación queredría expor a seguir o que considero a gran contribución de Neira Vilas á narrativa galega. Refírome á súa capacidade para manexar un amplo abano de rexistros modalizadores, seleccionados sempre na procura do máis axeitado para os obxectivos literarios que en cada momento pretendía conseguir. Isto explica, por unha banda, o feito de que a súa narrativa combine de xeito indiscriminado o conto ou a novela, pero tamén o ricaz catálogo de opcións narratolóxicas que nos ofrece, e que van da narración clásica en terceira persoa con narrador omnisciente (*Aqueles anos*) ao xénero epistolar (*Cartas a Lelo*), pasando polas diferentes formas de memorialismo (*Memorias*, *Querido Tomás*). Na miña opinión, ese pulo experimental amosado por Neira Vilas no nivel discursivo permitiulle realizar notables achegas que daquela resultaban moi orixinais sobre todo nas súas obras da década dos 60, de tal xeito que podemos considerar que, no ámbito da

renovación da técnica narrativa, a contribución de Neira Vilas foi cando menos tan importante como a dos autores da Nova Narrativa Galega. Endebén, esa vontade experimental e esa capacidade anovadora ficaron escurecidas por unha banda polo carácter máis tradicional da temática, que conectaba as obras do noso autor co modelo do realismo social e, por outra, polo carácter grupal do proxecto literario da Nova Narrativa, que contribuíu a visibilizalo e a dotalo dun espazo propio na historiografía literaria.

Como exemplos do valor anovador da súa técnica podemos citar o recurso ao simbolismo entomolóxico ou á obxectalización e o alento alegórico dos relatos d'*A muller de ferro*; o monólogo con narratario mudo que mantén o narrador protagonista de *Camiño bretemoso*, ou a articulación do discurso por medio do *collage* de fragmentos de diversa orixe e condición (cartas, conversas, notas históricas...) en *Remuíño de sombras*. Secomasí, cando se fala da versatilidade narratolóxica das obras de Neira Vilas, cómpre suliñar o feito de que no seu caso as escollas modalizadoras non obedecen nunca a un gratuito e aleatorio afán experimental, senón que están sempre ao servizo do proxecto literario que se tenta levar adiante. En cada ocasión, o autor procura a estratexia que considera máis acaída, e así o monólogo interior da Sara de *Querido Tomás* revélase como unha fórmula idónea para codificar a lembranza obsesiva do pasado que alimenta a vida da protagonista, mentres que o fragmentarismo de *Remuíño de sombras* traslada ao ámbito discursivo o anonimato e o caos da vida nunha grande metrópole, e o diálogo de xordos que mantén o narrador de *Camiño bretemoso* pon en evidencia a soidade que padece todo emigrante. E nesa coherencia entre fondo e forma está, na miña opinión, o segredo do éxito das obras de Neira Vilas, que o lector percibe como un produto solidamente cohesionado, no que o fin explica sempre os medios. (2011: 54-55).

Hai outros títulos que só moi remotamente pertencen a algúns subxéneros da narración: *Lar* (1973), *Nai* (1980), *Pan* (1986). Sexa a propia Dolores Vilavedra quen fala:

Mais Neira Vilas non se conformaría con converterse nun narrador de grande éxito, e ao longo da súa traxectoria creativa combinaría o cultivo da novela e o conto co doutras modalidades discursivas como a poesía, a investigación ou a tradución, e tamén aí faría achegas singulares, por medio dun proceso de hibridación de fórmulas xenéricas que callaría na triloxía *Lar* (1973), *Nai* (1980), *Pan* (1986). Trátase de tres volumes de textos breves (nalgún caso de pouco máis de media ducia de liñas) que poderíamos definir como prosas poéticas e evocativas, nas que lembra persoas e feitos da súa infancia e primeira mocidade que foron decisivos na súa experiencia vital. O interesante destes textos é

que, por unha banda, entroncan coa tradición literaria galega, máis en concreto coas *Cousas* de Castelao, coas que comparten non só a sensibilidade lírica e o mundo focalizado senón tamén o estreito diálogo que en ambos casos manteñen palabra e imaxe, pois *Lar* foi editado con fotos e debuxos de Xan Balboa, *Nai* con fotos realizadas por Anisia Miranda e debuxos de Xosé Luís de Dios, e *Pan* leva ilustracións de Siro. E Neira incorpora tamén algúns dos recursos estilísticos máis característicos das prosas de Castelao, como as construcións paralelísticas e as reiteracións rítmicas: como exemplos do emprego por parte de Neira destas estratexias véxanse textos como “As mans do pai” en *Nai*, ou “Na feira” e “Traballo” en *Pan*. Así, nun proceso de síntese e depuración da súa prosa Neira Vilas establece unha fértil relación dialóxica cun autor co que, como xa se apuntou, presentaba xa certas afinidades e, ao tempo, incorpórase a un proceso plenamente contemporáneo como é o da hibridación discursiva, entendida nun contexto máis amplo de abolición das convencionais fronteiras xenéricas cuestionando e, na práctica, inutilizando, as extremas que adoitaban separar prosa e poesía. (2011: 55).

Sabido é que no outono de 1972 Neira Vilas (coa súa muller) veu, por primeira vez, a Galicia. Non sei se nalgún lugar da súa caudalosa obra pública e privada o noso escritor rexistrou a emoción que, sen dúbida, lle debeu producir, xa en Gres, cos seus e con aqueles veciños, o reencontro vivo coa Fala. Tivo que ser unha experiencia persoal moi fonda naquel home que, alleo á seu *humus* lingüístico sobre todo desde 1961, desde que deixou Buenos Aires, mergullábase, tanto tempo despois, nun universo no que as mesmas cousas, as mesmas aves, as mesmas pólas dos carballos e as mesmas pantasma da noite dicían os seus nomes na lingua de Balbino. Eu recibín en Barajas a Pepe e a Anisia na compañía de Emilia Pimentel (a miña muller), de Jesús (o noso segundo fillo) e de Alfonso Sastre e Eva Forest. Vímonos, logo, en Lugo, e xantamos o típico polbo nas festas do San Froilán o día en que viñeron, desde Ourense, a visítalos, Eduardo Blanco-Amor e outros amigos. Estivo entre nós, nomeadamente en Gres, case dous meses, dábondo para alimentar aquela prodixiosa facultade lingüística mercé á cal mantiño, tantos anos fóra, un idioma –o galego– tan enxebre e rico.

Neira (con Anisia) visitaría Galicia, nas súas vacacións cubanas, doce veces máis, e é lícito supoñer que, entre as razóns, tamén pesaban as lingüísticas. Regresou, definitivamente, no ano 1992, pero residirá, case dous anos, no Instituto Galego de Información (Santiago), onde tiña o seu domicilio Isaac Díaz Pardo, aquel sinxelo mecenas. En 1994, instálase na súa casa natal de Gres, xa restaurada por César Portela e convertida en sede da Fundación Xosé Neira Vilas, que foi, desde o primeiro día, centro dunha importante actividade cultural da que se beneficiou, dun xeito especial, a comarca. De 1994 a hoxe miles e miles de rapaces

e rapazas da bisbarra comprometéronse coa lectura na biblioteca da Fundación, case sempre guiados pola man atenta de Neira Vilas.

Dos anos cubanos cómpre salientar determinadas actividades non alleas ás in-
 quedanzas dos antifranquistas galegos (e non galegos) do exilio interior. Hai unha
 moi relevante: a edición de *Poemas al Che* (Fornet 1969). Coidou a edición A.
 Fornet, pero quen lle facilitou os poemas galegos foi Xosé Neira. El recibira cinco:
 Carlos Casares, Celso E. Ferreiro, Méndez Ferrín, Lueiro Rey e Manuel María. Na
 colectánea, de 84 poemas, de España procedían 37 deles, catro en catalán, tres en
 euskera e cinco en galego, que traduciu ó castelán, para esas páxinas bilingües,
 Neira Vilas. O volume dos 84 textos intentara publicalo en Barcelona, na súa
 colección El Bardo, José Batlló: non foi posible naquela España de Franco (e de
 Fraga Iribarne, titular do Ministerio de Información). O libro, inédito, chegou a
 Cuba, desde Barcelona, mercé ós bos oficios de Basilio Losada, amigo de Batlló e
 cómplice desta operación.

Un ano despois, Neira Vilas será o responsable editorial do volume *Homenaje
 al Che / Homenatge al Che / Homaxe ó Che / Lauda Txé-ari*, que contiña 57 poemas
 en castelán, 9 en catalán, 5 en euskera e 12 en galego: os cinco xa coñecidos máis
 os de Eliseo Alonso, Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Costa Clavell, Xosé Neira
 Vilas, Uxío Novoneyra, Manuel Rodríguez e Farruco Sesto Novás. Na cuberta
 figuraba un retrato do Che por Luís Seoane, e na contracuberta, un debuxo de
 Isaac Díaz Pardo. O volume, pois, tiña un claro acento galego. Publicouno *Es-
 paña Republicana*, periódico no que Neira colaboraba con moita frecuencia e no
 que ofreceu textos de escritores galegos por el traducidos, case sempre críticos co
 franquismo.

Dous anos despois, en 1972, Neira Vilas montou no Instituto de Literatura y
 Lingüística, na Sección galega, que el dirixía, unha Mostra de poemas e debuxos
 co título *Homenaje gallego al Che*. Figuraron na Mostra catorce poemas (os 12 xa
 éditos e dous máis de Arcadio López-Casanova e Antonio Rivera) e once debu-
 xos, asinados por Seoane, Díaz Pardo, Raimundo Patiño, Virxilio, Xaquín Marín,
 Beatriz Rey, Agustín Pérez Bellas, Saturno Lois, Xaime Quesada e Xosé Luís de
 Dios. Nun artigo de *España Republicana* o redactor (supoñemos que Neira Vilas)
 indica: “Al escritor y catedrático gallego Xesús Alonso Montero debemos el aco-
 pio de casi todos estos materiales” (21/XII/1972).

Anos despois, en 1998, Xosé Manuel Salgado e mais eu fixemos unha especie
 de edición conmemorativa co título *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara
 contra a súa morte (1967-1973)*, que publicou a Universidade de Santiago de Com-
 postela cun “Limiar” de Darío Villanueva, o seu Reitor. Cando en 2007 a Feira do
 Libro de Habana foi dedicada a Galicia, a Xunta publicou, en edición bilingüe, o
 volume de 1998, traducido, moi coidadosamente, por María do Cebreiro Rábade
 Villar. Teño noticia de que esta publicación suscitou moito interese, ademais de

sorpreza, en bastantes visitantes da Feira, á que asistiu, con Anisia Miranda, Xosé Neira.


Desde 1966 a 1976, Neira Vilas enviou a Galicia, case sempre por propios, centos de libros e revistas editados en Cuba (algúns na Unión Soviética), en ocasións con informes rigorosos sobre cuestión políticas que nos interesaban especialmente. Moitos deses envíos había que recollelos en Madrid, na casa do seu irmán Jesús, organizado e dilixente coma el. Por correo ordinario enviaba recortes e noticias que, interesando ós destinatarios, non os comprometían politicamente ante Correos, onde funcionaba un servizo policial de prelectores das cartas. Isto facía Neira con persoas de Galicia, de México, de Buenos Aires, de Montevideo... e aínda lle quedaba tempo –e folgos– para relacionarse, persoal ou epistolamente, con profesores e escritores dos países do Este de Europa que, por algunha razón, visitaban Cuba. Mentres desenvolvía tan inxente labor –ás veces moi matizado– desempeñaba con rigor o seu traballo no esquema da Revolución, escribía relatos e poemas en galego modélico, investigaba as relacións entre Galicia e Cuba, seguía xuntando material galego para o Instituto de Literatura y Lingüística e aínda había ocos na súa axenda para dar a coñecer, en revistas cubanas, valiosos textos galegos descoñecidos na Illa. Por exemplo, a tradución dos *Seis poemas galegos* de García Lorca ou unha breve escolma e poemas de Novoneyra. Neses anos, “sempre en Galiza”, o escritor seguía a pensar nos lectores galegos, reflexión que o leva a asumir un novo compromiso literario: facer narrativa para nenos. O froito son tres títulos xa clásicos: *O cabaliño de buxo* (1971), *Espantallo amigo* (1971) e *A marela taravela* (1976). O *Espantallo*, por certo, foi ilustrado por nenos do meu Instituto de Lugo, entre eles os meus fillos. Xosé Neira, que estaba en todo, tamén se carteou, agradecido, cos debuxantes lugueses.

Abraia, verdadeiramente, a actividade cubana de Xosé Neira Vilas: creación, erudición, activismo político, xornalismo, tradución e epistolario. Cómpre aclarar que unha parte da súa caudalosa epistolografía –só unha pequena parte– está recolleita e editada, nestes últimos anos, polo Centro Ramón Piñeiro (Santiago).

Desde que se instalou en Gres, no ano 1994, a súa obra seguiu medrando, nomeadamente a poética, a xornalística e a memorialística, xénero este moi importante na inxente e polifacética obra literaria de Neira Vilas. Agora os estudosos teñen a palabra. É certo que existe sobre o escritor Neira Vilas unha importante bibliografía, pero aínda cómpre glosar e esclarecer non poucos capítulos dunha biografía literaria tan extraordinaria como a do escritor que nos acaba de deixar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aldrej Vázquez, José Antonio e Luis Fernández Ríos (coord.) (2011): *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe: Memorias dun neno labrego, 50 aniversario*. Pontevedra: Deputación.
- Alonso Montero, Xesús (1968): *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*. Madrid: Ciencia Nueva.
- (1969a): *Resumen das conferencias de Xesús Alonso Montero*. Buenos Aires: [Federación de Sociedades Gallegas].
- (1969b): “Xosé Neira Vilas e as *Memorias dun neno labrego*”, *Boiro*, 5-6.
- (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2008): *Letras galegas explicadas (de 1962 a 1980) en Triunfo e noutras revistas de fóra de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2009): “Balbino, o pantrigo, o amor e a conciencia de clase”, *Ágora de Orcellón* 18, 9-10.
- Fornet, A. (1969): *Poemas al Che*. La Habana: Instituto del Libro.
- Molinari, Víctor Luís (1970): *Itinerario galego. Viaxe dun arxentino polas terras, polas xentes e pola cultura de Galicia*. Lugo: Celta.
- Mulleiro, Avelino (coord.) (2013): *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino*. Vigo: IrIndo.
- Neira Vilas, Xosé (2001): *A Cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Vilavedra Fernández, Dolores (1990): *A recepción inmanente na obra de Neira Vilas*. Sada: Edicións do Castro.
- (2011): “De Balbino a hoxe: Neira Vilas e a narrativa galega contemporánea”, en Aldrey/Fernández 2011: 47-57.



Retrato de Xosé Fernández Ferreiro / Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO, A RODA INCESANTE

Manuel Rivas Barrós

(Espartedo, Nogueira de Ramuín, 29/I/1931 - A Coruña 16/XII/2015)

Non son afecto ás notas necrolóxicas. Adío o intre de pórme a escribir non por superstición nin nada diso, senón porque ese paso, o de escribir do amigo morto, ten un carácter inexorable, significa a aceptación de que morreu, de que a súa ausencia non é recurso literario, de que desta vez o afiador non volverá coa roda por diante despois de acompañar á Terra na súa órbita.

Esa era unha sensación que eu tiña cada vez que cadraba con Xosé Fernández Ferreiro. O seu xeito de estar semellaba o dun home calmo e de poucas palabras. Un existencialista concentrado no feito de existir. Pero axiña me decataba de que estaba e non estaba e de que o seu silencio respondía a unha querenza polas palabras. Mentres os demais parolabamos convencidos de estarmos de leria nun café, Xosé Fernández Ferreiro estaba a desprazarse canda a órbita da Terra. Certo que todos orbitamos canda a Terra, imos nela, mais son moi poucos os que están no segredo. Os que perciben o xiro. Os que son quen de oír o sutil renxer do eixe da Terra.

Constitúen, por dicilo así, unha tribo singular dos humanos. A xente corrente absolutamente excepcional. Desa stirpe era Xosé Fernández Ferreiro.

A primeira vista, pola súa discreción no aspecto, nos xeitos e na fala, podía semellar un personaxe anónimo dun filme do neorrealismo italiano. Ferreiro sería un “extra” que faría o imposible para pasar desapercibido, para que lle desen un papel sen frase. El estaría alí non para ser visto senón para ver. Solitario e mudo nun recanto, facendo de vulto, ou mergullado nunha multitude. Mesmo se fose director, e sabía dabondo cinema para chegar a selo de ter vontade, diría o que Roberto Rossellini: “Eu son un traballador. Iso é todo. E non pretendo ser nada máis. Esa é a miña postura. Sempre procurei non caer na tentación de ser un artista”.

E así era Xosé Fernández Ferreiro, mesmo no tempo en que inaugurou en Galicia o “novo xornalismo”, con reportaxes que abrían paso en zonas de sombra, e onde se dicía o que non se podía dicir. Ese “novo xornalismo” diferenciábase do que logo prosperou en USA en que o xornalista era un escoita e non o centro floral da mesa. O xornalista era o mediador da noticia e non a noticia.

Pola contra, fronte ao espectáculo dos egos, Ferreiro tentaba ser invisíbel. Non só por evitar a tentación narcisista, senón tamén por unha estratexia de eficacia no traballo. Sendo un home invisíbel, mimetizado na extraordinaria xente corrente, podía concentrarse na escoita e na observación, ese traballo incesante, ao xeito dos seres que son sentinelas e sensores dos perigos, como a arcea na fraga ou a ra de San Antón nos humidais.

O escritor, seguindo a imaxe de Rossellini, é un traballador. Mais, cando o é de verdade, o seu é un traballo incesante. Había un legoeiro pola parte de Melide que adoitaba botar unha soneca ao pé dun carballo despois de xantar e cando espertaba tarde, que era case sempre, escusábase con esta retranca: “Boteille unha hora de máis ao traballo!”. Pois o escritor ten que botarlle sempre “unha hora máis”, só que esa hora, a hora Ferreiro, eran todas as horas e sen retranca.

Cómpre saber escoitar. Cómpre saber ver. E logo, á hora de escribir unha novela, só hai un camiño: facelo. Cada obra de Xosé Fernández Ferreiro conta unha historia diferente e dun xeito novo. En cada obra apostou a cabeza. A imaxe do escritor-afiador é atinada e ademais Ferreiro gustaba moito dela. Tamén o andar das palabras esixe unha enerxía, unha pulsión decidida. Mais o escritor-afiador ten que ir por diante, cara ao descoñecido, abrindo a cada volta unha nova rodeira.

Ferreiro era quen de acompañar consciente a órbita da Terra, oír o sutil renxer do seu eixe, porque o astro ten uns lugares onde apoiar cando cansa. Son os pousadoiros prismáticos. El naceu, como dirían os surrealistas, “en certo punto”. Cómpre dicir, nun deses escenarios de epifanía, Nogueira de Ramuín, punto de eterno retorno e arrinque da humanidade da roda. Mais ese “certo punto” non o busquen no mapa oficial. Andará por aí, abrindo paso, e botándolle unha hora de máis ao traballo.